

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 23 de FEBREIRO DE 2018**

Orde do día da sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 23 de febreiro de 2018, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 1/18, do 26 de xaneiro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, desde o 23 de xaneiro de 2018 ata o 19 de febreiro de 2018.

3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data da sesión ordinaria correspondente ao terceiro mes de 2018.

4.-Proposición da Presidencia sobre o nomeamento de representantes da Deputación en organismos varios.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

5.-Concesión da subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela para financiar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2017 e aprobación do correspondente convenio.

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o programa "Concilia os teus tempos 2017".

Comisión de Promoción Económica e Emprego

7.-Aprobación do texto da addenda núm. 5 de modificación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e as Deputacións provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra os incendios forestais, para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES).

Comisión de Infraestruturas viarias, vías e obras provinciais e medio ambiente

8.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2018, primeira fase e inicio dos trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a súa execución: DP 0507 senda peonil de Roris a Anzobre; DP 5603 Negreira a Marco do Cornado, sendas peonís PQ 1+430 ao 2+170; 7+300 ao 7+820; 8+750 ao 10+770 e do 11+110 ao 12+900.

9.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2018, primeira fase: Mellora de rasante e pavimentación da DP 1301 Gándara a Amañecida PQ 3+520 a 5+870; DP 2301 Bermun a Lires mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente PQ 0+000 a 4+750.

10.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2018, 1ª fase: DP 3802 Ordes a Pontecarreira, remodelación beirarrúas PQ 17+140 ao 17+870 Rúa do Ensino (Frades).

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

11.-Aprobación do deslinde do Viveiro Forestal de Sobrado, en Sobrado (A Coruña) e acordo de amolloamento.

12.-Aprobación da modificación da Ordenanza reguladora do Rexistro Oficial de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do Rexistro de contratos e convenios e supresión do Rexistro Oficial de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico.

13.-Aprobación do proxecto modificado da obra "Accesibilidade universal en edificios públicos, 1ª fase", do Concello de Ames, incluída na 4ª e derradeira fase do Plan de acción social (PAS) 2015 co código 2015.3110.0210.0

14.-Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Parques na Gueima e Ponteolveira", do Concello de Mazaricos, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 17.2001.0656.0 e aprobación definitiva deste investimento

15.-Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Actuacións de vías en Colúns, Corzón e Eirón", do Concello de Mazaricos, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 17.2001.0657.0 e aprobación definitiva deste investimento

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

16.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xaneiro de 2018 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2018.

17.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31/01/2018 e proxección a 31/12/2018.

18.-Aprobación do informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao cuarto trimestre de 2017 na Deputación provincial e no Consorcio provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

19.-Aprobación da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da Orde hap/2015/2012 do 1 de outubro. Execución do cuarto trimestre do exercicio 2017 na Deputación Provincial da Coruña e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, e do estado consolidado

20.-Aprobación da dación de conta da liquidación do orzamento da Deputación provincial correspondente ao exercicio 2017.

21.-Dar conta do Expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.

22.-Aprobación do Expediente de modificación de créditos núm. 1/2018.

23.-Toma de coñecemento dos recursos provinciais asignados a concellos e outras entidades locais da provincia, así como a entidades, persoas físicas ou xurídicas no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2017.

24.-Aprobación inicial do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña.

25.-Aprobación do Plan Económico-Financeiro 2018- 2020 (art. 21 da Lei orgánica 2/2012 de 27 de abril, de EOeSF: regra de gasto a 31-12-2017).

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños en contra da instalación dunha planta de tratamento de residuos oleosos no peirao de Oza.

-Moción do Grupo Provincial PSdG-PSOE e BNG-Asembleas Abertas polo 8 de marzo, Día das Mulleres. Paro Internacional de Mulleres.

ROGOS E PREGUNTAS

D ^a . M ^a GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN	PP
D ^a . TERESA VILLAVERDE PAIS	PP

Escúsanse as Sras. Blanco Fidalgo, Delso Carreira e Fraga Sáenz.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e trece minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 1/18, DO 26 DE XANEIRO.

Apróbbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 1/18, do 26 de xaneiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DESDE O 23 DE XANEIRO DE 2018 ATA O 19 DE FEBREIRO DE 2018.

O Pleno toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, desde o 23 de xaneiro de 2018 ata o 19 de febreiro de 2018.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA CORRESPONDENTE AO TERCEIRO MES DE 2018.

Vótase a ratificación da inclusión do punto na orde do día, que é aprobada por unanimidade, e apróbbase tamén por unanimidade a seguinte proposición da Presidencia:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que, tanto o día prefixado para a celebración da sesión plenaria correspondente ao terceiro mes de 2018, como o inmediato anterior son festivos, polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 4 de agosto de 2015,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao terceiro mes de 2018 celebrárase o día 23 de marzo, venres, a partir das doce horas”.

4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN EN ORGANISMOS VARIOS.

Vótase a ratificación da inclusión do punto na orde do día, que é aprobada por unanimidade.

Vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"Don Valentín GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada, sen prexuízo da atribución xeral de representar á Deputación, conferida ao Presidente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, art. 34.1.b) e das delegacións específicas da Presidencia que circunstancialmente puideran facerse;

Resultando que convén modificar algúns dos nomeamentos efectuados en sesión plenaria do 4 de agosto de 2015, ben para facilitar así un exercicio máis axeitado da representación outorgada polo Pleno, segundo proposta conforme dos deputados afectados polo cambio, ben para cubrir as vacantes producidas pola renuncia do deputado don Julio Sacristán de Diego;

En consecuencia,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

Nomear representante da Corporación ás persoas deputadas que se indica nos organismos que a seguir se relacionan:

AFIGAL (SOCIEDADE DE GARANTÍA RECÍPROCA - AFIANZAMENTO DE GALICIA)

Dona Patricia Blanco Fidalgo

COMISIÓN DE PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DE INVESTIMENTOS INEM-CORPORACIÓNS LOCAIS

Don José Luis García García

COMISIÓN PROVINCIAL DE VIVENDA

Don Bernardo Fernández Piñeiro

CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES

Don José Manuel Pequeño Castro

CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDADE INMOBILIARIA DA CORUÑA CAPITAL E PROVINCIA.

Don Bernardo Fernández Piñeiro

CONSORCIO DO DEPÓSITO FRANCO DO PORTO DA CORUÑA

Dona Patricia Blanco Fidalgo

mantendo os nomeamentos efectuados en sesión plenaria de 4 de agosto de 2015 a prol dos deputados:

Don Bernardo Fernández Piñeiro

Don Xesús Soto Vivero

FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS DA CORUÑA (Padroado)

Don José Luis García García

FUNDACIÓN WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Don Bernardo Fernández Piñeiro

Quedan sen efecto os nomeamentos anteriores que contradigan o presente acordo. As persoas deputadas designadas informarán sobre o funcionamento do organismo no que participan en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade no seu seo, sempre que sexan requiridas polo Pleno, polo Presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico".

5.-CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DOS CENTROS SOCIOCULTURAIS DO ÁMBITO RURAL NO ANO 2017 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **140.000,00 €**, ao Concello de Santiago de Compostela para financiar o *Programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2017*, cun orzamento subvencionado de 175.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de febreiro de 2018.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o *Programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2017*

Na Coruña,

REUNIDOS

Dña María Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Martiño Noriega Sánchez, alcalde do Concello de Santiago de Compostela, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade que intervén con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- Que no ano 2000 a Deputación iniciou o Plan de apoio veciñal, no que se incluía o "Programa de construción ou adquisición de equipamento de locais para asociacións de veciños de concellos de máis de 50.000 habitantes".

Neste programa incluíronse os locais das seguintes asociacións de veciños do concello de Santiago: AVV "Nosa Señora de Belén", de Santa Cristina de Fecha, AVV "A Unión de Santa María de Villestro", AVV da Rocha "Serafín Zas" e AVV "Ruta Xacobe".

2.- Que con data do 5 de agosto de 2004, mediante Decreto da Alcaldía, o Concello de Santiago de Compostela solicitou á Deputación a cesión dos locais sinalados coa finalidade de integralos na rede de centros socioculturais do Concello para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños das devanditas zonas, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Que atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 25 de novembro de 2004, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso de locais ao Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de os incorporar á Rede Municipal de Centros e Locais Socioculturais, que foi asinada o 29 de decembro de 2004.

4.- Que co obxectivo de dinamizar estes centros e locais socioculturais do rural, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve un programa de accións para promover a creación de afeccións lúdicas e formativas en coñecementos e destrezas básicas de distintas disciplinas, que fomenten a interrelación social, a participación cidadá e o encontro interxeracional ao longo de todo o ano.

5.- Que, tendo en conta as circunstancias expostas, no Expediente de modificación de crédito 5/2017 aprobado polo Pleno da Corporación o 27 de outubro de 2017, foi incluída unha achega de 140.000 €, en concepto de subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela destinada a financiar o Programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2017.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela (CIF: P1507900G) para financiar o **Programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2017.**

As accións incluídas neste programa son as seguintes:

* *Programa de animación e dinamización dixital - Novas tecnoloxías 2017.*- Actividades formativas e aulas abertas de informática de uso libre.

* *Programa de educación e formación permanente 2017.*- Monográficos, cursos e obradoiros.

* *Programas estacionais 2017.*- “Vive o verán”, “12 doces de outubro” e “Vive o Nadal”

II.- Orzamento.

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gastos Persoal		169.000,00.-
	<i>h. semana orzamento</i>	
<i>Persoal animación sociocultural</i>		
Villestro	20	12.549,00.-
A Gracia	15	8.562,00.-
Laraño, Lavacolla e Verdía	17	9.647,00.-
Bando, Figueiras	15	8.562,00.-
Marrozos, Eixo	18	10.894,00.-
Rocha	18	10.874,00.-
<i>Persoal de animación sociocultural e dinamización dixital</i>		
Busto, Marantes, Grixoa e Peregrina	24	13.928,00.-
Enfesta, Nemenzo, Peregrina, Sta. Cristina de Fecha, Verdía	20	12.549,00.-
<i>Persoal de alfabetización dixital</i>		
A Gracia, Bando, Laraño, Lavacolla, Figueiras	21	13.188,00.-
Marrozos		
<i>Persoal de formación permanente e obradoiros de actividades</i>		34.247,00.-
<i>Persoal programas puntuais</i>		
Vive o verán, 12 doces de outubro e vive o Nadal		34.000,00.-
Gastos en material non inventariable		6.000,00.-
TOTAL		175.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **140.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00 %**.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- O Concello de Santiago de Compostela comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ao Programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80,00 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2017, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente

se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 56^a das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56^a.6^o das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a

sanción imponerse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2017.

2.- Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROGRAMA "CONCILIA OS TEUS TEMPOS 2017".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos suspensivos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 9 de febreiro de 2018 que consta no expediente.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña, (CIF P1503000J), para financiar o Programa “Concilia os teus tempos ano 2017”, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 80.000 €, o que representa unha porcentaxe do 34,14% do orzamento total de gasto previsto que é de 234.314,70 €, con cargo á aplicación orzamentaria 0611/231.22/46201 do vixente orzamento.

3.- Condicionar a vixencia do convenio e a aprobación do expediente á efectiva obtención do crédito adecuado e suficiente no presente exercicio coa aprobación do expediente de modificación de créditos nº 1/2018.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROGRAMA CONCILIA OS TEUS TEMPOS ANO 2017

Na Coruña, 11 de decembro de 2017

Reunidos

Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área

E doutra parte, Dna. Rocío Fraga Sáenz, concelleira delegada de Igualdade e Diversidade do Concello da Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN:

É competente a Deputación da Coruña para o previsto no convenio, conforme ao disposto na Lei de bases de réxime local 7/85, art. 36 e na Lei de admón. local de Galicia, 5/97 arts. 109 a 119, para a colaboración no financiamento das actividades de fomento a administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a dita colaboración.

Segundo a Lei de servizos sociais 13/2008, art. 63, a Deputación é competente para o apoio aos Concellos nas prestacións dos servizos sociais.

O programa “Concilia os teus tempos” responde aos obxectivos que formulan leis promulgadas a nivel estatal e autonómico como son: a Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo para igualdade efectiva de mulleres e homes, a Lei galega 7/2004 do 16 de xullo, para igualdade de mulleres e homes e a Lei 2/2007 do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, así como a Lei de Galicia 3/2011 do 30 xuño, de apoio á familia e á convivencia.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello da Coruña ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña, co CIF P1503000J, para o financiamento do desenvolvemento das actuacións do programa “Concilia os teus Tempos” durante o ano 2017, que é un Servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal (“Servizo de canguros municipais”).

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O Concello da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

PROXECTO “CONCILIA OS TEUS TEMPOS”	
CONCEPTO	IMPORTE
I) Gastos xerais das modalidades do servizo	
<i>Gastos de persoal: técnica de apoio social</i>	42.314,70 €

II) Gastos específicos de cada modalidade do servizo	
Modalidade de espazos de atención á infancia e modalidade de ludotecas: <i>Gastos de contratación dunha empresa para o desenvolvemento de actividades</i>	130.000,00 €
Modalidade de atención á infancia a domicilio (xeneralizada): <i>Gastos de contratación dunha empresa para o desenvolvemento de actividades</i>	60.000,00 €
Modalidade de atención á infancia a domicilio na rede municipal de acollemento: <i>Gastos de contratación dunha empresa para o desenvolvemento de actividades</i>	2.000,00 €
TOTAL GASTOS	234.314,70 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 80.000 €, o que representa unha porcentaxe de 34,14%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 34,14%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando o Concello da Coruña que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23122/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello da Coruña de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello da Coruña tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello da Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Rematada completamente a realización da actividade, efectuarase o pagamento a prol do Concello da Coruña, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe previsto na cláusula III sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación: (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Concello da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente se procede.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello da Coruña estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.

2. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o

Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse dende o **2 de xaneiro ao 29 de decembro de 2017**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, **antes do 30 de xuño de 2018**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56^a das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 56^a.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 2 de xaneiro de 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de xuño de 2018**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2.Para o caso de que o Concello da Coruña non poida ter presentada a xustificación antes do día **30 de xuño de 2018**, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2018**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello da Coruña perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En

2- O texto íntegro da addenda é o seguinte:

“ 5º ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Pola Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Rural, en exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola Deputación Provincial da Coruña, o seu presidente, Valentín González Formoso, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Pola Deputación Provincial de Lugo, o seu presidente, Darío Campos Conde, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Pola Deputación Provincial de Ourense, o seu presidente, José Manuel Baltar Blanco, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra, a súa presidenta, Carmela Silva Rego, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias, o seu presidente, Alfredo L. García Rodríguez, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 46.1º.b) dos seus estatutos.

Todos os intervinientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

EXPOÑEN

PRIMEIRO- O día 10 de maio de 2013 o Consello da Xunta de Galicia autorizou a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación

Galega de Municipios e Provincias (en adiante FEGAMP) e as Deputacións provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais, que contén unha autorización de gasto de carácter plurianual, abrangendo dende o ano 2013 ata o ano 2015.

O día 13 de maio de 2013 as partes asinaron o referido convenio de colaboración, que ten por obxecto a colaboración das distintas institucións participantes en orde a completar o mapa de emerxencias de Galicia mediante a implantación dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para a realización das funcións previstas na cláusula terceira do propio convenio.

SEGUNDO.- O día 3 de decembro de 2013 asinouse unha primeira addenda ao devandito convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as deputacións provinciais, co obxecto de introducir algunhas modificacións ao clausurado.

No convenio establecíase a creación de 25 grupos de emerxencias supramunicipais e se completaba a nova rede de emerxencias cos servizos municipais de Pontearreas, Sanxenxo e Terras de Celanova.

En virtude da citada addenda e logo da renuncia á creación do seu respectivo grupo presentada polos concellos de Pontecaldelas e Redondela en Pontevedra e de Baños de Molgas en Ourense, pretendeuse a constitución doutros tres grupos que virían substituír aos citados. Estes novos grupos son os dos concellos de Valga en Pontevedra e de Maceda e Pereiro de Aguiar en Ourense. Os GES de Valga e de Pereiro de Aguiar constituíronse e están en funcionamento. O Concello de Maceda non foi capaz de constituír o seu GES polo que foi necesaria e conveniente unha nova reestruturación do ámbito de actuación e cobertura dos GES que posibilite a aplicación dos recursos públicos destinados a este fin e dar servizo ás zonas que o precisan.

TERCEIRO.- Como consecuencia da non constitución do GES Maceda tramitouse unha segunda addenda, incluíndose a compartimentación do GES da Gudiña, mediante o establecemento dunha subsede en Laza, e o aumento do número de efectivos totais deste GES que pasaba dos 12 membros a 18 membros, polo incremento de 6 efectivos máis con base en Laza. E ampliábanse en 3 novos efectivos os grupos de Ribadavia/Avión e Lobios/Muíños ata acadar os 19 compoñentes.

Así mesmo, procedeuse a detallar o financiamento dos Servizos Municipais, para aclarar a distribución das achegas que deben realizar a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, cada un dos concellos sede ou subsede e, de ser o caso, a respectiva Deputación provincial, así como a natureza e distribución dos gastos de funcionamento dos GES que financia a Dirección Xeral de Administración Local.

CUARTO.- O convenio principal remataba o 31/12/2015 e entendeuse necesario tramitar a terceira addenda á fin de manter o obxecto e fins da súa sinatura ampliando o período de prestación de servizo dado polos grupos de emerxencia supramunicipal (GES) outros tres anos (2016-2018), prorrogando así o período do actual convenio.

Doutra banda e como consecuencia da experiencia acadada na execución do convenio introdúcense determinadas modificacións co gallo esencial de ampliar os terreos onde se pode actuar así como o repertorio de posibles actuacións en materia de prevención de incendios facendo máis eficaz este labor e, en adición, modifícase o reparto dos fondos dedicados a prevención contra incendios, toda vez que o GES Maceda non se constituíu finalmente.

CUARTO.- Como consecuencia da non constitución do GES da Fonsagrada tramitouse unha cuarta addenda, no que o Concello de Baleira se configuraba como sede GES na provincia de Lugo.

QUINTO.- A presente quinta addenda ten como obxecto modificar a natureza dos fondos que subministra a Consellería do Medio Rural a través da dirección xeral de Ordenación Forestal incrementando o financiamento cun millón de euros de fondo propio da Comunidade Autónoma e diminuíndo a achega do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) na mesma cantidade para facilitar a execución do convenio por parte dos concellos adheridos. Amais inclúense como actuación financiable a publicidade FEADER a través de cartelería por ser un requisito da xestión deste tipo de fondos.

Ao respecto e co fin de evitar as dúbidas de interpretación que puideran derivarse da dispersión de textos do convenio e das sucesivas addendas óptase por acompañar a esta o texto refundido do convenio que substitúe aos anteriores.

CLÁUSULAS:

Primeira.- A presente addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, e forma parte integrante deste.

Segunda.- A cláusula quinta, ACTUACIÓN DOS GES EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS. Queda redactado así:

O aboamento de actuacións subvencionables que serán obxecto de axuda consonte co PDR do 2014-2020, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144 do 18 de novembro de 2015, pódense agrupar en:

- Submedida 8.3 do PDR Medidas preventivas contra incendios forestais, onde se inclúe a redacción de estudos e proxectos relacionados con esta necesaria prevención así como prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal

- Submedida 8.4 do PDR Restauración do dano causado por incendios, desastres naturais e catástrofes, na que se inclúe a loita contra pragas e enfermidades

a) Actuacións de definición das redes de faixas de xestión da biomasa e investigación da propiedade e estado da biomasa (submedida 8.3), que poderá incluír:

- Identificación das referencias catastrais ou códigos de parcela SIXPAC das parcelas incluídas nas redes de faixas secundarias de xestión da

biomasa, así como da rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal.

- Investigación da propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal e redacción de informe de xestión de biomasa consonte co establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais.

b) Actuacións de silvicultura preventiva (submedida 8.3): Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos da titularidade municipal ou de propietario descoñecido.

Para os efectos deste convenio as actuacións en materia de limpeza limitaranse a:

- Vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal.
- Camiños reais e históricos.
- Superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou disfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Superficies de propietario descoñecido, previa acreditación da devandita condición.
- Zonas de servidume de camiños e valgadas dentro das zonas de xestión de biomasa.

c) Prevención do dano causado por pragas (submedida 8.3), mediante as actuacións de prevención da praga da avéspera asiática (*Vespa velutina*) en terreos forestais ou zonas de influencia forestal tales como a eliminación de niños.

Os prezos unitarios por actuación e o importe máximo que se vai subvencionar por GES de prevención inclúense no anexo IV.

Os traballos que se han realizar deberán planificarse previamente á súa execución, a través dun Programa de actuacións preventivas a presentar pola entidade local cos contidos recollidos no anexo V.

Elaborado o Programa de actuacións preventivas presentarase para a súa revisión no Distrito Forestal. Dada a natureza preventiva dos traballos contemplados na presente cláusula, farase unha inspección previa á iniciación da obra por persoal funcionario da Consellería do Medio Rural para verificar as superficies e a viabilidade dos traballos e emitirse un informe.

De ser favorable o informe emitido, o Programa de actuacións preventivas será aprobado pola Comisión de Seguimento do GES. Unha vez que a dita Comisión aproba o Programa de Actuacións Preventivas, a entidade local achegará unha comunicación de inicio destes ao Distrito Forestal.

Con carácter xeral deberá terse en conta o disposto no Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

O beneficiario destas axudas serán os concellos sede que compoñen os GES (ver anexo) I). No caso de que o GES posúa dúas sedes, inicialmente farase un reparto paritario da axuda, pero en calquera caso o dito reparto inicial poderá ser obxecto de modificación ao abeiro do Programa de Actuacións presentado, así como na posterior xustificación dos traballos, pero en ningún caso excederá a axuda máxima por GES establecida no anexo IV.

O beneficiario deberá cumprir co disposto no punto 2 da parte 1 do anexo III do Regulamento de execución (UE) 808/2014, da Comisión do 17 de xullo polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), en relación coa información e publicidade, en particular, no caso de investimentos subvencionados cun custo total superior a 50.000 € deberase colocar unha placa explicativa, e cando o custo supere os 500.000 € deberase colocar un panel publicitario. En ambos os dous casos figurará a descrición do proxecto, así como a bandeira europea e o lema Feader: "Europa inviste no rural". Inclúese no anexo IV un tipo de actuación para financiar publicidade FEADER.

En todo caso, son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio. En calquera caso estarase ao exposto no artigo 69.3 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que recolle entre os custos non subvencionables a través dos fondos Estruturais e de Investimento Europeos (EIE), o imposto sobre o valor engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre o IVE;

Terceira.- A cláusula sétima, FINANCIAMENTO EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS, queda redactado así:

A Consellería do Medio Rural para a realización das actuacións en materia de prevención de incendios forestais achega ao presente convenio dous millóns vinte e cinco mil euros (2.025.000,00€) para o ano 2016, dous millóns vinte e cinco mil euros (2.025.000,00€) para o ano 2017 e un millón vinte e cinco mil euros (1.025.000,00€) para o ano 2018, que serán cofinanciados con fondos FEADER, con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.551.B.760.0.

A porcentaxe que se ha subvencionar será do 100% do investimento elixible ou subvencionable, sometida a un cofinanciamento do 75% do fondo FEADER, dun

7,5 % pola Administración Xeral do Estado (AXE) e nun 17,50% pola Xunta de Galicia.

Os gastos non elixibles serán soportados polo concello sede do GES.

As actuacións e xustificación destas realizarase consonte co anexo V e VI.

Cuarta.- O punto 3 da cláusula oitava, FINANCIAMENTO DOS GES E SERVIZOS MUNICIPAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCION DE INCENDIOS FORESTAIS, queda redactado así:

3- A contribución ao financiamento da Consellería de do Medio Rural en materia de extinción de incendios fíxase en un millón oitocentos mil euros (1.800.000 €) para o ano 2016, un millón oitocentos mil euros (1.800.000 €) para o ano 2017 e dous millóns oitocentos mil euros (2.800.000 €) para o ano 2018, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Ordenación Forestal, con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.551.B.760.0.

Quinta.- O ANEXO II, CUSTO TOTAL DOS GES, queda redactado así:

PROVINCIA DA CORUÑA

	CONCELLO	Nº compoñent es GES	CMR EXTINCIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	CUSTO TOTAL/GES
1	BRION	12	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
2	CURTIS	12	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
3	MUGARDOS	12	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
4	MUROS	12	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
5	ORTIGUEIRA	12	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
6	PADRON	12	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
7	PONTECESO	12	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
TOTAL			742.805,00 €	350.000,00 €	370.195,00 €	1.463.000,00 €

PROVINCIA DE LUGO

	CONCELLO	Nº compoñentes GES	CMR EXTINCIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	CUSTO TOTAL/GES
8	BECERREÁ	12	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
9	CERVO	12	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
10	BALEIRA	12	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
11	GUITIRIZ	12	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
12	MONTERROSO	12	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
13	PONTENOVA (A)	12	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
14	QUIROGA	6	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
	FOLGOSO DO COUREL	6				
TOTAL			742.805,00 €	350.000,00 €	370.195,00 €	1.463.000,00 €

PROVINCIA DE OURENSE

	CONCELLO	Nº compoñent es GES	CMR EXTINCIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	CUSTO TOTAL/GES
15	BARCO (O)	12	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
16	CASTRO	12	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €

	CALDELAS					
17	GUDIÑA (A) LAZA*	12 6	159.172,50 €	75.000,00	79.327,50	313.500,00 €
18	LOBIOS MUINOS*	10 9	181.685,42 €	79.166,60	83.730,98	344.583,00 €
19	RIBADAVIA AVION*	10 9	181.685,42 €	79.166,60	83.730,98	344.583,00 €
20	PEREIRO DE AGUIAR	12	106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
TOTAL			840.888,34 €	383.333,20 €	405.444,46 €	1.629.666,00 €

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

	CONCELLO	Nº es GES	compoñent	CMR EXTINCIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	CUSTO TOTAL/GES
21	ESTRADA (A) LALIN	10 6		155.156,66 €	66.666,60 €	70.509,74 €	292.333,00 €
22	GUARDA	12		106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
23	VAL MIÑOR	12		106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
24	VALGA	12		106.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	209.000,00 €
TOTAL				473.501,66 €	216.666,60 €	229.164,74 €	919.333,00 €

CMRM EXTINCIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	CUSTO TOTAL 24 GES
2.800.000,00	1.299.999,80	1.374.999,20	5.474.999,00

TOTAL

SERVIZOS MUNICIPAIS

SERVIZO MUNICIPAL	PROVINCIA	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Dirección Xeral de Emerxencias e Interior)	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	CUSTO TOTAL/SERVIZO
1 TERRAS DE CELANOVA	OURENSE	100.000,00	25.000,00	0,00	125.000,00
2 PONTEAREAS	PONTEVEDRA	100.000,00	25.000,00	0,00	125.000,00
3 SANXENXO	PONTEVEDRA	100.000,00	25.000,00	0,00	125.000,00
		300.000,00	75.000,00	0,00	375.000,00

FUNCIONAMENTO DOS GES E SERVIZOS MUNICIPAIS:

Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza 560.000,00 €

Sexta.- O ANEXO IV, PREZOS UNITARIOS POR ACTUACIONES DE PREVENCIÓN E ORZAMENTOS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS POR CONCELLO, queda redactado así:

PREZOS UNITARIOS POR ACTUACIONES DE PREVENCIÓN.

CÓD TARIFA	DESCRIPCIÓN	PREZO UNITARIO
	Ud de Definición das redes de faixas de xestión da biomasa. Identificación das referencias catastrais ou códigos de parcela SIXPAC das parcelas incluídas nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa. Tamén se incluírán a rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal.	9000€/ud
	Ud de investigación de titularidade de parcela e redacción de informe de xestión de biomasa consonte ao establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais	12 €/parcela
TS0001	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal igual ou inferior a 3 cm, en pendentes inferiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.121,10 €/ha
TS0002	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal igual ou inferior a 3 cm, en pendentes superiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.195,840 €/ha
TS0003	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal comprendido entre 3 e 6 cm. en pendentes inferiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.464,904 €/ha
TS0004	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal comprendido entre 3 e 6 cm. en pendentes superiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.793,760 €/ha
TS0005	Roza mecanizada dunha hectárea de matogueiral, con rozadora de cadeas ou similar en zonas de pendente escasa ou nula (pdte. < 10%) e cunha superficie cuberta de matogueira do 100%..	343,440 €/ha
SA0001	Unidades de panel para publicidade FEADER	236,484 €/ud
	Unidade eliminada de niños secundarios de avespa asiática (<i>Vespa velutina</i>)	50 €/ud

ORZAMENTOS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS.

PROVINCIA DA CORUÑA

	CONCELLO	Nº compoñentes GES	CMR PREVENCIÓN
1	BRIÓN	12	41.000,00 €
2	CURTIS	12	41.000,00 €
3	MUGARDOS	12	41.000,00 €
4	MUROS	12	41.000,00 €
5	ORTIGUEIRA	12	41.000,00 €
6	PADRÓN	12	41.000,00 €
7	PONTECESO	12	41.000,00 €

PROVINCIA DE LUGO

	CONCELLO	Nº compoñentes GES	CMR PREVENCIÓN
8	BECERREÁ	12	41.000,00 €
9	CERVO	12	41.000,00 €
10	BALEIRA	12	41.000,00 €
11	GUITIRIZ	12	41.000,00 €
12	MONTERROSO	12	41.000,00 €
13	PONTENOVA (A)	12	41.000,00 €
14	QUIROGA	6	41.000,00 €
	FOLGOSO DO COUREL	6	

PROVINCIA DE OURENSE

	CONCELLO	Nº compoñentes GES	CMR PREVENCIÓN
15	BARCO (O)	12	41.000,00 €
16	CASTRO CALDELAS	12	41.000,00 €
17	GUDIÑA (A)	12	61.500,00 €
	LAZA*	6	
18	LOBIOS	10	51.250,00 €
	MUINOS*	9	
19	RIBADAVIA	10	51.250,00 €
	AVION*	9	
20	PEREIRO DE AGUIAR	12	41.000,00 €

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

	CONCELLO	Nº compoñentes GES	CMR PREVENCIÓN
21	ESTRADA (A)	10	41.000,00 €
	LALÍN	6	
22	GUARDA	12	41.000,00 €
23	VAL MIÑOR	12	41.000,00 €
24	VALGA	12	41.000,00 €

Sétima.- Inclúese un novo anexo:

ANEXO X.- PUBLICIDADE FEADER.

Os modelos de carteis que os concellos sede deben instalar como beneficiarios de axudas FEADER adaptaranse ao seguinte formato estándar no que o emblema da Unión Europea e a denominación do fondo, conxuntamente co lema, ademais da descrición do proxecto ou operación deberán ocupar como mínimo o 25% do deseño.



CORES E TIPO DE LETRA

Cor branco fondo	Branco
Cor fondo 1	Gris
Cor fondo 2	Cian 100%
Cor fondo 3	Negro
Tipo de letra	Rafale
Tipo de letra Feader e lema	News Gothic
Cor letra 1	Negro
Cor letra 2	Branco

Dimensións A. Mínimo	100 cm
Altura mínima	130 cm

Os carteis serán de material resistente, non sendo admisible a simple impresión en papel. Colocaranse sempre nun lugar visible ao público.

O elemento publicitario debe manterse, polo menos, durante un prazo idéntico ao do compromiso que adquire o beneficiario ao recibir a subvención.

En proba de conformidade as partes asinan por triplicado exemplar na data e lugar indicados ao inicio.”

8.- APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2018, PRIMEIRA FASE E INICIO DOS TRÁMITES PARA A EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A SÚA EXECUCIÓN: DP 0507 SENDA PEONIL DE RORIS A ANZOBRE; DP 5603 NEGREIRA A MARCO DO CORNADO, SENDAS PEONÍS PQ 1+430 AO 2+170; 7+300 AO 7+820; 8+750 AO 10+770 E DO 11+110 AO 12+900.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de SENDAS PEONIS 2018 PRIMEIRA FASE cun presuposto total de 1.373.378,79 .- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	concello	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
18.1170.0001.0	DP 0507 SENDA PEONIL DE RORIS A ANZOBRE	ARTEIXO	480.000,00	114.462,31
18.1170.0002.0	DP 5603 NEGREIRA A MARCO DO CORNADO .- SENDAS PEONIS PQ 1+430 ao 2+170; 7+300 ao 7+820; 8+750 ao 10+770 e do 11+110 ao 12+900	(NEGREIRA)	893.378,79	119.116,91
		TOTAL	1.373.378,79	233.579,22

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
18.1170.0001.0	DP 0507 SENDA PEONIL DE RORIS A ANZOBRE	ARTEIXO	480.000,00	114.462,31
18.1170.0002.0	DP 5603 NEGREIRA A MARCO DO CORNADO .- SENDAS PEONIS PQ 1+430 ao 2+170; 7+300 ao 7+820; 8+750 ao 10+770 e do 11+110 ao 12+900	(NEGREIRA)	893.378,79	119.116,91
		TOTAL	1.373.378,79	233.579,22

3.- Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido sen que estas se producisen, considerarase definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

9.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2018, PRIMEIRA FASE: MELLORA DE RASANTE E PAVIMENTACIÓN DA DP 1301 GÁNDARA A AMAÑECIDA PQ 3+520 A 5+870; DP 2301 BERMUN A LIRES MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE PQ 0+000 A 4+750.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de INVESTIMENTO EN VÍAS PROVINCIAIS 2018 PRIMEIRA FASE cun presuposto total de 680.101,46.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900
18.1110.0001.0	DP 1301 MELLORA DE RASANTE E PAVIMENTACION DA DP 1301 GANDARA A AMAÑECIDA PQ 3+520 A 5+870	BRION	321.053,54
18.1110.0002.0	DP 2301 BERMUN A LIRES MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE PQ 0+000 A 4+750	CEE	359.047,92
		TOTAL	680.101,46

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, considerarase definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, poderanse proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

10.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2018, 1ª FASE: DP 3802 ORDES A PONTECARREIRA, REMODELACIÓN BEIRARRÚAS PQ 17+140 AO 17+870 RÚA DO ENSINO (FRADES).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2018 1ª FASE cun presuposto total de 198.735,29.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
DP 3802 ORDES A PONTECARREIRA; REMODELACION BEIRRARUAS PQ 17+140 AO 17+870 RUA DO ENSINO (FRADES)	198.735,29
TOTAL	198.735,29

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a correspondente fase deste.

2) Remitir o citado proxecto ao Concello de Frades para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2016-2019, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-07-2016 (BOP 144/1-08-2016)."

11.-APROBACIÓN DO DESLINDE DO VIVEIRO FORESTAL DE SOBRADO, EN SOBRADO (A CORUÑA) E ACORDO DE AMOLLOAMENTO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"De conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación provincial do 27 de outubro de 2017 polo que se acorda o inicio do expediente de deslinde do predio coñecido como Viveiro Forestal de Sobrado, no Concello de Sobrado, propiedade da Deputación provincial (BOP nº 210 do 6 de novembro de 2017) e que unha vez realizadas as operacións de apeo e deslinde o 29 de xaneiro de 2018, acórdase

PRIMEIRO: Aprobar o deslinde do predio coñecido como *Viveiro Forestal de Sobrado*, no Concello de Sobrado (A Coruña), propiedade da Deputación da Coruña, nos termos en que foi realizado e reflectido na acta de deslinde do 29/01/2018, e no informe e nos planos de detalle a escala que figuran no expediente elaborados entre abril e novembro do 2017 polo enxeñeiro agrónomo Juan Manuel Sánchez Arias, pertencente á empresa Proyestegal SL, adxudicataria do contrato de asistencia técnica ao deslinde. En virtude deste deslinde, a liña perimetral do viveiro quedará definida do seguinte xeito:

a) Definición do perímetro das parcelas catastrais 289 e 1507 do polígono 36

VÉRTICES 1 – 2 Correspóndese este tramo coa fronte sur da parcela que linda coa estrada AC-934 que comunica Sobrado con Corredoiras. É onde se sitúa a entrada principal ao viveiro e está todo valado. Nas proximidades do vértice 2 existe un marco de formigón antigo.

VÉRTICES 2 – 3 Correspóndese este tramo co límite leste da parcela atópase valado en parte, xa que hai bastantes zonas co cerramento destruído, se ben atópase perfectamente deslindado pola presenza dos propios postes e os seus alicerces.

VÉRTICES 3 - 4 Correspóndese este tramo co límite leste da parcela e atópase valado na súa totalidade, estando o cerramento en bastante bo estado. Pola parte exterior da propiedade apréciase un camiño que dá servizo aos predios lindeiros ata as

proximidades do vértice 4. Tamén hai unha ramificación do camiño principal do viveiro que se bifurca e continúa por dentro da propiedade poucos metros antes do citado punto.

VÉRTICES 4 - 5 Definiuse a liña recta entre o punto 4, que é o final do cerramento e o vértice 5, que se corresponde cun marco de pedra que delimita a parcela 241 do polígono 36. Correspóndese co linde leste e discorre paralelo a un camiño de servizo que discorre por dentro da propiedade.

VÉRTICES 5 – 6 Este límite correspóndese con vento leste da propiedade e limita cunha parcela que na actualidade está a eucaliptos; defínese perfectamente a súa contorna coa colocación de marcos auxiliares.

IDENTIFICADOR	x	x
Marco 1	576707.2120	4764465.2250
Marco 2	576708.1340	4764519.0680
Marco 3	576720.0900	4764595.9930

VÉRTICES 6 – 7 Esta delimitación correspóndese co linde leste da parcela e está perfectamente definida en campo por unha secuencia de postes de formigón antigos.

VÉRTICES 7 – 8 Esta delimitación correspóndese cos ventos leste e norte da parcela e está perfectamente delimitada por un muro de terra desde o final dos postes de formigón ata o río Tambre.

VÉRTICES 8 - 9 Toda esta aliñación delimita o linde norte da parcela e discorre pola marxe esquerda do río Tambre.

VÉRTICES 9 – 10 Correspóndese co vento oeste-sur da parcela e é o que presenta maior indefinición, xa que nesta zona o terreo está totalmente alterado con respecto ao seu estado inicial, motivado polo movemento de terras e á implantación dun pastizal.

Para definir a nova situación precísase a colocación en campo de dous novos marcos:

IDENTIFICADOR	x	x
Marco 4	576458.6061	4764622.8718
Marco 5	576414.2712	4764546.1780

VÉRTICES 10 – 11 Esta delimitación correspóndese co vento sur da parcela e está perfectamente definida por postes de formigón en toda a súa lonxitude dende o pastizal ata o rego que abastece a balsa de auga presente dentro do viveiro

VÉRTICES 11 – 12 Corresponde esta aliñación co límite oeste da parcela, e esta chega tamén ao rego.

VÉRTICES 12 - 13 Correspóndese este tramo co límite sur da parcela e está perfectamente delimitado en campo por un muro de terra dende o vértice 12

(intersección do rego co muro) e o vértice 13 onde comeza un camiño delimitado por muros de terra.

VÉRTICES 13 – 14 Correspóndese este tramo co linde oeste da parcela do viveiro e está perfectamente definido en campo por un muro de terra que discorre paralelo a un camiño ata chegar ao vértice 14 onde comeza o valado.

VÉRTICE 14 – 1 Correspóndese este tramo co vento oeste da parcela do viveiro e está perfectamente definido en campo por un valado en bo estado ata o vértice 1, orixe do deslinde

b) Definición do perímetro das parcelas catastrais 289 e 1507 do polígono 36

VÉRTICES 1 – 2 Correspóndese este tramo coa delimitación sur – leste da parcela e está perfectamente definido en campo pola marxe dereita do río Tambre

VÉRTICES 2 – 3 Correspóndese co vento norte da parcela e está perfectamente delimitado en campo por un muro de terra onde se aprecian unhas escalas de madeira intercaladas

VÉRTICES 3 – 4 Correspóndese este tramo co vento norte da parcela, lindeira cunha parcela que na actualidade está a eucaliptos. Na actualidade, existe unha aliñación de estacas de madeira que marcan a delimitación da parcela.

VÉRTICES 4 – 1 Correspóndese esta aliñación co linde oeste da parcela e non está perfectamente definida en campo, xa que no vértice 4 é onde finaliza o estacado de madeira e o vértice 1 non ten ningún elemento, aparentemente que faga de división. Para definir a nova situación será precisa a colocación en campo de dous novos marcos:

IDENTIFICADOR	x	x
Marco 6	576493.4890	4764666.0320
Marco 7	576457.6196	4764641.4499

Unha vez delimitada a propiedade obtense a seguinte superficie:

PARCELAS 289 e 1.507 DO POLÍGONO 36: 82.443 m^2 , ou o que é o mesmo, 8 Ha 24 A 43 Ca

PARCELA 1 DO POLÍGONO 44: 15.464 m^2 , ou o que é o mesmo, 1 Ha 54 A 64 Ca

SUPERFICIE TOTAL DA PARCELA DENOMINADA “VIVEIRO FORESTAL DE SOBRADO”: 97.907 m^2 , ou o que é o mesmo, 9 Ha 79 A 7 Ca

c) Relación de lindeiros

Norte: Parcela 6 do polígono 44 de Víctor Varela Balado, parcela 624 do polígono 44 de María Carmen Corral Fandiño, parcela 623 do polígono 44 de Alfonso Corral Saavedra, parcela 5 do polígono 44 de Manuel Corral Casal, parcela 4 do polígono 44

de José García Valiño, parcela 3 do polígono 44 de Manuel Corral Casal e parcela 2 do polígono 44 de Emilio Rodríguez de Castro Conil;

Sur: Estrada AC-938 de Corredoiras a Sobrado;

Leste, parcelas 230 e 231 del polígono 36, de Gonzalo Pardo Montero; parcela 232 del polígono 36, de Carmen Montaña Carreira; parcela 233 del polígono 36, de Pilar López Raposo; parcela 1402 do polígono 36, de Francisco Javier Bugallo Pardo; parcela 234 do polígono 36, de Virtudes Parga Seoane; parcela 235 do polígono 36, de Guillermo López Boado; parcela 236 do polígono 36, de Asunción Iglesias García; parcela 237 del polígono 36, de Felisa Lago García; parcela 238 do polígono 36, de María Nieves Carreira Vázquez; parcela 1369 do polígono 36, de Manuel Carreira Vázquez; parcela 239 do polígono 36, de Herminia Villamor Montaña; parcela 241 do polígono 36, de Juan Antonio Raposo Reboredo; parcela 242 do polígono 36, de Vicenta Buján; parcela 1373 do polígono 36, de Manuel Lorenzo Villamor; parcela 251 do polígono 36, de José Lorenzo Mella; parcela 252 do polígono 36, de Luis Villamor Montaña; parcela 253 do polígono 36, de Carmen Montaña Carreira; parcela 254 do polígono 36, de María Mercedes Varela Mella; parcela 255 do polígono 36, de Asunción Iglesias García; parcela 256 do polígono 36, de Felisa Lago García; parcela 257 do polígono 36, de Ramón García Pérez; parcela 258 do polígono 36, de Pilar López Raposo; parcela 259 do polígono 36, de Virtudes Freire Otero; parcela 1556 do polígono 36, de titular descoñecido; parcela 1557 do polígono 36, de titularidade descoñecida; parcela 272 do polígono 36, de José Antonio Carreira Fandiño e camiño;

Oeste: parcela 591 do polígono 36, de Ángel García López; parcela 397 do polígono 36, de Jesús José Chouza García; camiño; parcela 291 do polígono 36, de María Carmen Montaña Carreira; parcela 290 do polígono 36, de Gabino Montaña Lamas e camiño que separa da parcela 297 do polígono 36, de Pilar López Raposo e da parcela 304 do polígono 36, de María Mercedes Varela Mella. O predio así descrito está cruzada de leste a oeste polo río Tambre.

SEGUNDO: Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e notificalo aos titulares dos predios lindeiros e, se é o caso, aos demais titulares de dereitos reais afectados polo deslinde.

TERCEIRO: Proceder ao amolloamento do predio mediante a colocación dos marcos necesarios para a determinación do deslinde, nos termos e nas coordenadas xeorreferenciadas propostas no seu informe polo enxeñeiro agrónomo Juan Manuel Sánchez Arias, pertencente á empresa Proyestegal SL, adxudataria do contrato de asistencia técnica ao deslinde, e que deseguido se relacionan, comunicando a data deste a todas as persoas interesadas:

IDENTIFICADOR	x	x
Marco 1	576707.2120	4764465.2250
Marco 2	576708.1340	4764519.0680
Marco 3	576720.0900	4764595.9930
Marco 4	576458.6061	4764622.8718
Marco 5	576414.2712	4764546.1780

Marco 6	576493.4890	4764666.0320
Marco 7	576457.6196	4764641.4499

CUARTO: Rectificar o inventario de bens da Deputación da Coruña para que quede recollido o presente deslinde do Viveiro Forestal de Sobrado, nos termos nos que foi efectuado.

QUINTO: Trasladar o presente acordo á Dirección Xeral do Catastro e ao Rexistro da Propiedade correspondente co obxecto de adecuar nos citados organismos a descrición, superficie, e lindeiros do predio ao deslinde practicado.

SEXTO: Facultar o presidente da Deputación para executar as actuacións e adoptar as resolucións que se precisen, ata o total cumprimento do presente acordo."

12.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO OFICIAL DE DOCUMENTACIÓN DE EMPRESAS CONTRATISTAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, DO REXISTRO DE CONTRATOS E CONVENIOS E SUPRESIÓN DO REXISTRO OFICIAL DE EMPRESAS CONTRATISTAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Tendo en conta que o próximo 9 de marzo de 2018 entrará en vigor a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP) e que, de conformidade co artigo 337 da LCSP, inscribíranse no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público os datos e circunstancias que resulten relevantes para acreditar as condicións de aptitude dos empresarios para contratar coas administracións públicas e demais organismos e entidades do sector público, incluídas as facultades dos seus representantes e apoderados, o que servirá para acreditar todo iso perante calquera órgano de contratación do sector público, e que, pola súa banda, as Comunidades Autónomas poderán levar os seus propios Rexistros de licitadores e empresas clasificadas (artigo 341 LCSP), como é o caso de Galicia, que xa conta co citado Rexistro, de forma que a inscrición neste acreditará os datos e circunstancias dos empresarios perante os órganos de contratación da propia Comunidade Autónoma, das entidades locais do seu ámbito territorial, e dos organismos e entidades dependentes dunha ou doutras, e tendo en conta ademais que o artigo 159 da LCSP, para o procedemento aberto simplificado, esixe que os licitadores estean inscritos nalgún destes dous rexistros, e o carácter electrónico destes, non tendo por tanto validez a estes efectos o Rexistro Oficial de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acórdase:

1º) Deixar sen efecto o Libro I da Ordenanza reguladora do Rexistro Oficial de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do Rexistro de contratos e do Rexistro de Convenios e declarar extinguido o Rexistro Oficial de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Boletín Oficial da Provincia número 64 do 20 de marzo de 1998) con efectos do 9 de marzo de 2018.

2º) Iniciar os trámites para a derogación da Ordenanza reguladora do Rexistro Oficial de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do Rexistro de contratos e do Rexistro de Convenios, e para a redacción dunha nova Ordenanza reguladora do Rexistro de contratos e do Rexistro de convenios da Deputación Provincial da Coruña tendo en conta as Leis 39/2015, 40/2015 e 9/2017 e en especial os aspectos relacionados coa administración electrónica.

3º) Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e notificalo a todas as empresas inscritas."

13.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "ACCESIBILIDADE UNIVERSAL EN EDIFICIOS PÚBLICOS, 1ª FASE", DO CONCELLO DE AMES, INCLUÍDA NA 4ª E DERRADEIRA FASE DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 CO CÓDIGO 2015.3110.0210.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015.

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación, na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016, polo que se aprobou a 4ª e derradeira fase do PAS 2015.

Logo de ver que no anexo I a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta 4ª e derradeira fase do PAS 2015, apartado PAS-INVESTIMENTOS, no que figura entre outras, a obra do concello de Ames denominada "Accesibilidade universal en edificios públicos, 1ª fase" co código 2015.3110.0210.0

Logo de presentar o Concello de Ames un proxecto modificado desta obra, con incremento do seu orzamento, que conta coa conformidade do contratista adxudicatario, así como á vista dos informes técnicos e xurídicos favorables, xustificativos da modificación do proxecto, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Ames denominada "Accesibilidade universal en edificios públicos, 1ª fase", incluída na 4ª fase do Plan de acción social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0210.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016, tendo o proxecto modificado un orzamento de 164.997,73€, que representa un incremento por importe de 14.997,73€ no seu orzamento, que é asumido integramente polo concello de Ames, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto Modificado “Accesibilidade universal en edificios públicos, 1ª fase” Concello de Ames PAS 2015 (2015.3110.0210.0)				
		Contrata	Adxudicación	Baixa
PROXECTO INICIAL	Deputación	150.000,00	112.420,00	37.580,00
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	150.000,00	112.420,00	37.580,00
PROXECTO MODIFICADO	Deputación	150.000,00	112.420,00	37.580,00
	Concello	14.997,73	11.240,31	3.757,42
	Total	164.997,73	123.660,31	41.337,42
INCREMENTO	Deputación	0,00	0,00	0,00
	Concello	14.997,73	11.240,31	3.757,42
	Total	14.997,73	11.240,31	3.757,42

A aprobación deste proxecto modificado queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos (EMC) 1/2018, no que na partida 0430/93393/76201 se consigna crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento

2.-Comunicarlle ao Concello de Ames a aprobación deste proxecto modificado da obra citada para o seu coñecemento e para os efectos oportunos."

14.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO “PARQUES NA GUEIMA E PONTEOLVEIRA”, DO CONCELLO DE MAZARICOS, INCLUÍDO NA PRIMEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 1/2017 CO CÓDIGO 17.2001.0656.0 E APROBACIÓN DEFINITIVA DESTE INVESTIMENTO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver a Resolución da Presidencia desta Deputación número 2017/40643, do 18 de decembro de 2017, pola que aprobou a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017, na que se inclúe o seguinte investimento financeiramente sostible previsto no Plan complementario ao POS+ Base 2017, que fora aprobado polo Pleno provincial na sesión extraordinaria do 8 de xuño de 2017 coas seguintes condicións:

Concello	Código	Denominación	Financiamento			Condicións
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total	
Mazaricos	17. 2001.0656.0	Parques na Gueima e Ponteolveira	36.000,00	0,00	36.000,00	-Autorización da D. Xeral de Patrimonio Cultural -Autorización de Augas de Galicia

Tendo en conta que aínda que antes da data da Resolución de aprobación da primeira fase do POS+ Adicional 1/2017 (18 de decembro de 2017) o Concello de Mazaricos acreditou o cumprimento da condición consistente na obtención da autorización de Augas de Galicia, ao seguir pendente o cumprimento da condición consistente na obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, esta Deputación non puido considerar definitivamente incluído o investimento no Plan complementario sen condicións, razón pola que na dita Resolución do 18 de decembro de 2017 unicamente se condicionou a aprobación definitiva deste investimento á obtención da autorización de Patrimonio Cultural, que nesa data estaba pendente, pero non á xustificación da autorización de Augas de Galicia, presentada e non declarada cumprida.

Logo de aprobar o Concello de Mazaricos un proxecto modificado deste investimento que aínda está sen adxudicar, para dar cumprimento ás condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para autorizar a obra, refundindo o contido do proxecto inicial co anexo con correccións autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e que, segundo informa a técnica redactora do proxecto modificado, axústase aos condicionamentos esixidos nas correspondentes resolucións de autorización por Augas de Galicia e de Patrimonio Cultural

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 25 de novembro de 2016 (BOP nº 226 do 29 de novembro de 2016)

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Parques na Gueima e Ponteolveira”, do Concello de Mazaricos, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017, co código 17.2001.0656.0, sen variación económica e que aínda está sen adxudicar, para dar cumprimento ás condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para autorizar o dito investimento, o que supón unha variación das partidas internas do proxecto inicial superior ao 30% do orzamento de execución material, cos datos que se indican:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
Mazaricos	17. 2001.0656.0	Parques na Gueima e Ponteolveira	36.000,00	0,00	36.000,00

A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430-1714-76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento, segundo o apartado 3 do acordo plenario desta Deputación do 8 de xuño de 2017, polo que se aprobou o Plan Complementario ao POS+ 2017, consistente na obtención da autorización de Augas de Galicia e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, toda vez que o Concello de Mazaricos acreditou o seu cumprimento.

3.- Notificar esta resolución ao Concello de Mazaricos para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento incluído na primeira fase do POS+ Adicional 1/2017."

15.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO "ACTUACIÓNS DE VIAIS EN COLÚNS, CORZÓN E EIRÓN", DO CONCELLO DE MAZARICOS, INCLUÍDO NA PRIMEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 1/2017 CO CÓDIGO 17.2001.0657.0 E APROBACIÓN DEFINITIVA DESTE INVESTIMENTO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver a Resolución da Presidencia desta deputación número 2017/40643, do 18 de decembro de 2017, pola que aprobou a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017, na que se inclúe o seguinte investimento financeiramente sostible previsto no Plan complementario ao POS+ Base 2017, que fora aprobado polo Pleno provincial na sesión extraordinaria do 8 de xuño de 2017 coas seguintes condicións:

Concello	Código	Denominación	Financiamento			Condições
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total	
Mazaricos	17. 2001.0657.0	Actuacións de viais en Colúns, Corzón e Eirón	89.400,00	0,00	89.400,00	- Autorización da D. Xeral de Patrimonio Cultural - Autorización de Augas de Galicia

Tendo en conta que aínda que antes da data da Resolución de aprobación da primeira fase do POS+ Adicional 1/2017 (18 de decembro de 2017) o Concello de Mazaricos acreditou o cumprimento da condición consistente na obtención da autorización de

Augas de Galicia, ao seguir pendente o cumprimento da condición consistente na obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, esta Deputación non puido considerar definitivamente incluído o investimento no Plan complementario sen condicións, razón pola que na dita Resolución do 18 de decembro de 2017 unicamente se condicionou a aprobación definitiva deste investimento á obtención da autorización de Patrimonio Cultural, que nesa data estaba pendente, pero non á xustificación da autorización de Augas de Galicia, presentada e non declarada cumprida.

Logo de aprobar o Concello de Mazaricos un proxecto modificado deste investimento que aínda está sen adxudicar, para dar cumprimento ás condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para autorizar a obra, refundindo o contido do proxecto inicial co anexo con correccións autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e que, segundo informa a técnica redactora do proxecto modificado, axústase aos condicionamentos esixidos nas correspondentes resolucións de autorización por Augas de Galicia e de Patrimonio Cultural.

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 25 de novembro de 2016 (BOP nº 226 do 29 de novembro de 2016)

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Actuacións de viais en Colúns, Corzón e Eirón”, do Concello de Mazaricos, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017, co código 17.2001.0657.0, sen variación económica e que aínda está sen adxudicar, para dar cumprimento ás condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para autorizar o dito investimento, o que supón unha variación das partidas internas do proxecto inicial superior ao 30% do orzamento de execución material, cos datos que se indican:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
Mazaricos	17. 2001.0657.0	Actuacións de viais en Colúns, Corzón e Eirón	89.400,00	0,00	89.400,00

A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430-1535-76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento, segundo o apartado 3 do acordo plenario desta Deputación do 8 de xuño de 2017, polo que se aprobou o Plan complementario ao POS+ 2017, consistente na obtención da autorización de Augas de Galicia e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, toda vez que o Concello de Mazaricos acreditou o seu cumprimento.

3.- Notificar esta Resolución ao Concello de Mazaricos para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento incluído na primeira fase do POS+ Adicional 1/2017."

16.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO DE 2018 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 31 DE XANEIRO DE 2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do mes de xaneiro de 2018.

2.- Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2018.

3.- Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

17.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 31/01/2018 E PROXECCIÓN A 31/12/2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 31 de xaneiro de 2018, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2018 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

18.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DE 2017 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- "1º. Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.
- 2º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.
- 3º. Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda."

19.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2015/2012 DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN DO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2017 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, E DO ESTADO CONSOLIDADO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- "1º. Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- 2º. Publicar a información obtida na páxina de Internet da Deputación provincial."

20.-APROBACIÓN DA DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2017.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- "1.- Tomar coñecemento da aprobación da liquidación do orzamento e do informe sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria correspondente ao exercicio 2017.

2.- Remitir copia da liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en cumprimento ao establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3.- Remitir a información prevista na Orde EHA/468/2007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das entidades locais e da información adicional requirida para dar cumprimento á Orde HAP/2082/2014 na aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade orzamentaria, e na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

4.- Determinar que se emita un informe da Intervención provincial que permita elaborar a proposta da Presidencia ao Pleno Corporativo para corrixir o incumprimento da regra de gasto acreditado no exercicio 2017, de acordo co establecido no artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira."

21.-DAR CONTA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES, DE APROBACIÓN POLA PRESIDENCIA.

O Pleno toma coñecemento do contido do expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes, de aprobación polo presidente.

22.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 1/2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 1/2018 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe de 89.061.515,09 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios: 20.215.040,39

SC. Suplementos de crédito: 68.846.474,70

Total aumentos: 89.061.515,09

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de tesourería: 89.061.515,09

Baixas por anulación: 0,00

Maiores ingresos 0,00

Total financiamento: 89.061.515,09

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	8.370,46	
2. Gastos correntes	3.736.416,31	
3. Gastos financeiros	5.920.828,29	
4. Trans. Correntes	0,00	
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	
6. Investimentos reais	10.607.978,67	
7. Trans. de capital	66.549.123,62	
8. Activos financeiros	2.238.797,74	
9. Pasivos financeiros	0,00	
TOTAL:	89.061.515,09	0,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	89.061.515,09
9. Pasivos financeiros	
TOTAL:	89.061.515,09

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2018, exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento vén explicado pola utilización de remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

23.-TOMA DE COÑECEMENTO DOS RECURSOS PROVINCIAIS ASIGNADOS A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA, ASÍ COMO A ENTIDADES, PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE XANEIRO DE 2012 E O 31 DE DECEMBRO DE 2017.

O Pleno toma coñecemento sobre o informe emitido polo servizo de Fiscalización sobre os recursos asignados por esta Deputación provincial aos concellos e outras entidades locais da provincia, así como a entidades, persoas físicas ou xurídicas no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2017.

24.-APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO ORGÁNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Sr. Presidente

Neste punto solicito a retirada deste punto da orde do día por non contar con maioría cualificada para a súa aprobación por estar de baixa médica tres dos seus membros.

O Pleno, por unanimidade, aproba retirar este punto da orde do día.

25.-APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2018- 2020 (ART. 21 DA LEI ORGÁNICA 2/2012 DE 27 DE ABRIL, DE EOESF: REGRA DE GASTO A 31-12-2017).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o Plan económico-financieiro subscrito polo Presidente desta Deputación Provincial da Coruña do 16 de febreiro de 2018, cuxa necesidade se orixina pola Liquidación do Orzamento provincial do exercicio 2017.

Considerando que o Plan proposto é conforme ao establecido no artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e ao artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, sendo competente para a súa aprobación o Pleno da Corporación.

O Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Tomar coñecemento do resultado da avaliación da regra de gasto efectuado pola Intervención mediante Informe do 16 de febreiro de 2018.

SEGUNDO. Aprobar o Plan económico-financieiro da Deputación Provincial da Coruña nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo.

TERCEIRO. Remitir o expediente á Comunidade Autónoma de Galicia, que ten a tutela financeira das entidades locais de acordo ao disposto no artigo 49 do Estatuto de Autonomía para Galicia e no artigo 330 da Lei de administración local de Galicia, para os efectos previstos na normativa de aplicación.

CUARTO. O Plan económico-financieiro publicarase no Boletín Oficial da Provincia nos termos establecidos no derradeiro parágrafo do apartado 4 do artigo 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e na páxina de Internet da Deputación Provincial da Coruña."

PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO 2018-2020
(art. 21 da Lei orgánica 2/2012 de 27 de abril, de EOeSF: regra de gasto a 31-12-2017)

INDICE

1. SITUACIÓN ACTUAL: DIAGNOSTICO ECONÓMICO-FINANCEIRO

- A.** Análise da estrutura económica da Deputación da Coruña: ingresos e gastos (consolidados)
- B.** Análise das principais variables financeiras
- C.** Conclusións e causas de incumprimento

2. PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO 2018-2020

- A.** Obxectivos
- B.** Proxección de ingresos e gastos sen medidas
- C.** Medidas
- D.** Conclusións e obxectivos
- E.** Anexos

1. SITUACIÓN ACTUAL: DIAGNOSTICO ECONÓMICO-FINANCIERO

A. ANALISIS DA ESTRUTURA ECONOMICA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O seu ENTE DEPENDENTE

Para levar a cabo o estudo da estrutura económica da Deputación e do seu ente dependente, o Consorcio provincial de loita contraincendios, analízanse os datos de liquidación do tres exercicios económicos anteriores, que son 2015, 2016 e 2017, xa que a análise do tres últimos anos permite obter a información necesaria para determinar, no seu caso, as causas que levaron ao incumprimento da regra de gasto ao finalizar o exercicio 2017, como se puxo de manifesto na liquidación do Orzamento 2017, aprobada mediante a Resolución do Presidente número 2926/2018 do pasado 25 de xaneiro.

A.1 INGRESOS CONSOLIDADOS (DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS)

Cap.	Denominación	2015		2016		2017		
		Valor	Valor	Variación	Valor	Variación		
1	Impostos directos	16.363.310,01	17.909.403,08	1.546.093,07	9,45%	17.596.535,00	-312.868,08	-1,75%
2	Impostos indirectos	14.509.652,99	15.224.220,27	714.567,28	4,92%	15.084.978,13	-139.242,14	-0,91%
3	Taxas e outros ingresos	12.547.144,43	13.482.986,52	935.842,09	7,46%	11.976.299,70	1.506.686,82	-11,17%
4	Transferencias correntes	150.744.588,53	152.761.621,16	2.017.032,63	1,34%	154.757.939,55	1.996.318,39	1,31%
5	Ingresos patrimoniais	1.015.519,05	753.768,24	-261.750,81	-25,78%	315.118,09	-438.650,15	-58,19%
6	Alleamento de investimentos	88.236,23	20.138,21	-68.098,02	-77,18%	1.948.876,88	1.928.738,67	9577,51%
7	Transferencias de capital	6.590.396,39	-11.150,27	-6.601.546,66	-100,17%	70.861,72	82.011,99	-735,52%
8	Activos financeiros	635.220,55	777.747,71	142.527,16	22,44%	1.126.239,85	348.492,14	44,81%
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00%	0,00	0,00	0,00%
	TOTAIS	202.494.068,18	200.918.734,92	-1.575.333,26	-0,78%	202.876.848,92	1.958.114,00	0,97%

Como se pode observar, os ingresos totais da última liquidación orzamentaria aumentaron en 1.958.114 euros (0,97% sobre o 2016), debido principalmente ao crecemento na participación en ingresos do Estado de 1.996.318,39 euros (1,31% de aumento) e da venda de chan industrial que produciu un incremento destes ingresos de 1.928.738,67 euros.

A.1 GASTOS TOTAIS CONSOLIDADOS (OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS NETAS)

Cap.	Denominación	2015		2016		2017			
		Valor		Valor	Variación	Valor	Variación		
1	Gastos de persoal	36.360.472,75		36.838.819,40	478.346,65	1,32%	37.659.536,12	820.716,72	2,23%
2	Compra de bens e servizos	25.214.122,30		25.297.414,76	83.292,46	0,33%	30.301.506,84	5.004.092,08	19,78%
3	Gastos financeiros	23.639,64		61.902,74	38.263,10	161,86%	8.093,69	-53.809,05	-86,93%
4	Transferencias correntes	31.445.556,24		33.696.024,63	2.250.468,39	7,16%	54.752.693,60	21.056.668,97	62,49%
6	Investimentos reais	16.553.689,09		13.690.192,57	-2.863.496,52	-17,30%	14.868.924,61	1.178.732,04	8,61%
7	Transferencias de capital	50.468.458,97		25.508.801,71	-24.959.657,26	-49,46%	43.246.314,32	17.737.512,61	69,53%
8	Activos financeiros	13.955.349,50		11.478.508,81	-2.476.840,69	-17,75%	10.589.229,52	-889.279,29	-7,75%
9	Pasivos financeiros	0,00		0,00	0,00	0,00%	0,00	0,00	0,00%
	TOTAIS	174.021.288,49		146.571.664,62	-27.449.623,87	-15,77%	191.426.298,70	44.854.634,08	30,60%

A destacar o incremento de 44.854.634,08 euros habido en 2017 sobre o exercicio anterior, o que representa un incremento do 30,60 por 100 en termos interanuais. Este salto explícase polo crecemento experimentado nos capítulos 4 de transferencias correntes e o 7 de capital, de 21.056.668,97 euros (62,49%) e 17.737.512,61 euros (69,53%), que son o resultado de anticipar aos Concellos da provincia a metade do importe que lles corresponde nos distintos plans de cooperación.

B. ANALISIS DAS PRINCIPAIS VARIABLES FINANCIERAS
B.1 ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

LIQUIDACION 2016

	Deputación	Consortio contraincendios	Consolidado
I1- Impostos directos	17.909.403,08	0,00	17.909.403,08
I2- Impostos indirectos	15.224.220,27	0,00	15.224.220,27
I3- Taxas e outros ingresos	11.166.172,87	2.316.813,65	13.482.986,52
I4- Transferencias correntes	146.073.338,49	6.688.282,67	152.761.621,16
I5- Ingresos patrimoniais	751.917,33	1.850,91	753.768,24
I6- Alleamento de investimentos reales	20.138,21	0,00	20.138,21
I7- Transferencias de capital	-11.150,27	0,00	-11.150,27
I8- Activos financeiros	777.747,71	0,00	777.747,71
I9- Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
Total ingresos	191.911.787,69	9.006.947,23	200.918.734,92
Ingresos non financeiros	191.134.039,98	9.006.947,23	200.140.987,21
G1- Gastos de persoal	36.517.927,46	320.891,94	36.838.819,40
G2- Gastos en bens e servizos	17.494.840,35	7.802.574,41	25.297.414,76
G3- Gastos financeiros	61.779,14	123,60	61.902,74
G4- Transferencias correntes	33.477.608,99	218.415,64	33.696.024,63
G6- Investimentos reais	13.563.379,31	126.813,26	13.690.192,57
G7- Transferencias de capital	25.508.801,71	0,00	25.508.801,71
G8- Activos financeiros	11.478.508,81	0,00	11.478.508,81
G9- Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
Total gastos	138.102.845,77	8.468.818,85	146.571.664,62
Gastos non financeiros	126.624.336,96	8.468.818,85	135.093.155,81

**EVALUACION ESTABILIDADE
ORZAMENTARIA:**

Ingresos non financeiros	191.134.039,98	9.006.947,23	200.140.987,21
Gastos non financeiros	126.624.336,96	8.468.818,85	135.093.155,81
Axustes recadación capítulo 1	-288.422,30		-288.422,30
Axustes recadación capítulo 2	40.326,88		40.326,88
Axustes recadación capítulo 3	-235.740,36	-49.906,00	-285.646,36
Axuste por liquidación PTE-2008	405.164,10		405.164,10
Axuste por liquidación PTE-2009	1.717.005,49		1.717.005,49
Axuste por liquidación PTE doutros exercicios	4.661.565,41		4.661.565,41
Axuste por pagamento de intereses			0,00
Axuste por arrendamento financeiro			0,00
(+/-)Axuste por grao execución do gasto	0,00		0,00
Axuste por ingresos obtidos da Unión Europea	-308.304,90	0,00	-308.304,90
Axuste por gastos pendentes de aplicar a orzamento	-303.037,78		-303.037,78
Total axustes propia entidade	5.688.556,54	-49.906,00	5.638.650,54
Axustes por operacións internas	0,00	-1.648.399,82	-1.648.399,82
Capacidade(+)/necesidade financiamento(-)	70.198.259,56	-1.160.177,44	69.038.082,12

**CUMPRE OBXECTIVO ESTABILIDADE
ORZAMENTARIA**

**INCUMPRE OBXECTIVO DE
ESTABILIDADE ORZAMENTARIA**

**CUMPRE OBXECTIVO ESTABILIDADE
ORZAMENTARIA**

LIQUIDACION 2017

	Deputación	Consortio contraincendios	Consolidado
I1- Impuestos directos	17.596.535,00	0,00	17.596.535,00
I2- Impuestos indirectos	15.084.978,13	0,00	15.084.978,13
I3- Taxas e outros ingresos	9.636.359,11	2.339.940,59	11.976.299,70
I4- Transferencias correntes	148.597.222,66	6.160.716,89	154.757.939,55
I5- Ingresos patrimoniais	308.334,15	6.783,94	315.118,09
I6- Alleamento de investimentos reais	1.948.876,88	0,00	1.948.876,88
I7- Transferencias de capital	70.861,72	0,00	70.861,72
I8- Activos financeiros	1.126.239,85	0,00	1.126.239,85
I9- Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
Total ingresos	194.369.407,50	8.507.441,42	202.876.848,92
Ingresos non financeiros	193.243.167,65	8.507.441,42	201.750.609,07
G1- Gastos de persoal	37.410.180,34	249.355,78	37.659.536,12
G2- Gastos en bens e servizos	22.403.902,77	7.897.604,07	30.301.506,84
G3- Gastos financeiros	7.916,69	177,00	8.093,69
G4- Transferencias correntes	54.642.485,80	110.207,80	54.752.693,60
G6- Investimentos reais	14.613.811,88	255.112,73	14.868.924,61
G7- Transferencias de capital	43.246.314,32	0,00	43.246.314,32
G8- Activos financeiros	10.589.229,52	0,00	10.589.229,52
G9- Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
Total gastos	182.913.841,32	8.512.457,38	191.426.298,70
Gastos non financeiros	172.324.611,80	8.512.457,38	180.837.069,18

EVALUACION ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:

Ingresos non financeiros	193.243.167,65	8.507.441,42	201.750.609,07
Gastos non financeiros	172.324.611,80	8.512.457,38	180.837.069,18
Axustes recadación capítulo 1	-304.420,06	0,00	-304.420,06
Axustes recadación capítulo 2	-57.322,92	0,00	-57.322,92
Axustes recadación capítulo 3	-306.436,22	-64.348,37	-370.784,59
Axuste por liquidación PTE-2008	405.164,10	0,00	405.164,10
Axuste por liquidación PTE-2009	1.717.005,49	0,00	1.717.005,49
Axuste por liquidación PTE doutros exercicios	16.090,41	0,00	16.090,41
Axuste por pagamento de intereses	0,00	0,00	0,00
Axuste por arrendamento financeiro	0,00	0,00	0,00
(+/-)Axuste por grao execución do gasto	0,00		0,00
Axuste por ingresos obtidos da Unión Europea	-235.336,32	0,00	-235.336,32
Axuste por gastos pendentes de aplicar a orzamento	-50.287,69	-16.376,65	-66.664,34
Total axustes propia entidade	1.184.456,79	-80.725,02	1.103.731,77
Axustes por operacións internas	0,00	1.648.399,82	1.648.399,82
Capacidade(+)/necesidade financiamento(-)	22.103.012,64	1.562.658,84	23.665.671,48

**CUMPRE OBXECTIVO
ESTABILIDADE ORZAMENTARIA**

**CUMPRE OBXECTIVO ESTABILIDADE
ORZAMENTARIA**

**CUMPRE OBXECTIVO ESTABILIDADE
ORZAMENTARIA**

Pódese comprobar nas táboas anteriores que, a nivel consolidado, cumpriuse sempre o principio da estabilidade orzamentaria dun modo moi folgado.

B.2 REGRA DO GASTO

LIQUIDACION 2016

	Deputación	Consortio contraincendios	Consolidado
Gasto computable liquidación 2015 (GC2015)	151.820.657,21	7.460.554,89	159.281.212,10
Investimentos financieramente sustentables (2015) (IFS2015)	14.788.485,72		
Taxa referencia crecemento PIB (TRCPIB) 2016 (GC2015-IFS2015)*(1+TRCPIB)	1,80%	1,80%	1,80%
Aumentos/diminucións Orzo 2016 por cambios normativos	6.383.628,67	0,00	6.383.628,67
Investimentos financieramente sustentables (2016) (IFS2016)	2.667.339,53	0,00	2.667.339,53
Límite da Regra de Gasto	145.882.379,25	7.594.844,88	153.477.224,13
Gasto computable liquidación 2016 (GC2016)-IFS2016	123.698.457,44	8.468.695,25	132.167.152,69
Diferenza límite Regra de Gasto e Gasto computable 2016	22.183.921,81	-873.850,37	21.310.071,44
% Incremento gasto computable 2016/2015	-9,73%	13,51%	-17,02%

**CUMPRE REGRA DE
GASTO**

**SUPERA LIMITE GASTO
COMPUTABLE**

CUMPRE REGRA DE GASTO

LIQUIDACION 2017

	Deputación	Consortio contraincendios	Consolidado
Gasto computable liquidación 2016 (GC2016)	126.365.796,97	8.468.695,25	134.834.492,22
Investimentos financieramente sustentables (2016) (IFS2016)	2.667.339,53		
Taxa referencia crecemento PIB (TRCPIB) 2017 (GC2016-IFS2016)*(1+TRCPIB)	2,10%	2,10%	2,10%
Aumentos/diminucións Orzo 2017 por cambios normativos	7.527.419,23	0,00	7.527.419,23
Investimentos financieramente sustentables (2017) (IFS2017)	386.581,08	0,00	386.581,08
Límite da Regra de Gasto	133.823.544,28	8.646.537,85	142.470.082,13
Gasto computable liquidación 2017 (GC2017)-IFS2017	169.510.996,86	8.528.657,03	178.039.653,89
Diferenza límite Regra de Gasto e Gasto computable 2017	-35.687.452,58	117.880,82	-35.569.571,76
% Incremento gasto computable 2017/2016	37,04%	0,71%	32,04%

**SUPERA LIMITE GASTO
COMPUTABLE**

**CUMPRE REGRA DE
GASTO**

**SUPERA LIMITE GASTO
COMPUTABLE**

Presentándose un incumplimento da regra de gasto por parte da Deputación na liquidación 2017 por un importe de 35.687.452,58 euros e a nivel consolidado este incumplimento suma un total de 35.569.571,76 euros.

B.3.1 ENDEBEDAMENTO: DÉBEDA PÚBLICA

Como xa se indicou nos informes á liquidación dos orzamentos de 2016 e 2017 o saldo da débeda viva a longo prazo coas entidades financeiras é nulo tanto para a Deputación como para o Consorcio, é dicir, non hai capital financeiro pendente de cancelar ao finalizar eses exercicios.

B.3.2 ENDEBEDAMENTO: DÉBEDA COMERCIAL E PMP

DÉBEDA COMERCIAL E PMP		Exercicio 2016						
Ente	Obrigacións pendente de pago exercicio corrente	Obrigacións pendente de pago exercic. cerrados	Saldo conta 413	Total débeda comercial (1)	PMP decembro	Obrigacións recoñecidas exercic. Corrente (2)	Obrigacións de exercicios cerrados a 1/1	(1)/(2)+(3)
Deputación	1.663.014,79	224.309,69	14.436,68	1.901.761,16	-7,57	191.911.787,69	1.738.422,45	0,98%
Consorcio	302.141,20			302.141,20	-9,87	8.468.818,85	75.982,11	3,54%
TOTAL DÉBEDA COMERCIAL	1.965.155,99	224.309,69	14.436,68	2.203.902,36	-7,78	200.380.606,54	1.814.404,56	1,09%

DÉBEDA COMERCIAL E PMP		Exercicio 2017						
Ente	Obrigacións pendente de pago exercicio corrente	Obrigacións pendente de pago exercic. cerrados	Saldo conta 413	Total débeda comercial (1)	PMP decembro	Obrigacións recoñecidas exercic. corrente (2)	Obrigacións de exercicios cerrados a 1/1	(1)/(2)+(3)
Deputación	2.376.602,24	329.424,79	50.287,69	2.756.314,72	-10,62	182.913.841,32	1.887.324,48	1,49%
Consorcio	40.242,07	218.415,64	16.376,65	275.034,36	-11,92	8.512.457,38	302.141,20	3,12%
TOTAL DÉBEDA COMERCIAL	2.416.844,31	547.840,43	66.664,34	3.031.349,08	-10,75	191.426.298,70	2.189.465,68	1,57%

Pódese apreciar que o período medio de pago cumpre sobradamente o prazo legal establecido e o pendente de pago é dun importe case marxinal, inferior ao 2 por 100 das obrigacións en ambos os exercicios orzamentarios.

C. CONCLUSIÓNS E CAUSA DO INCUMPRIMENTO

C.1 VARIABLES FINANCEIRAS

Estabilidade orzamentaria:

NO 2017 a Deputación e o Consorcio teñen acadado a estabilidade orzamentaria dun modo folgado, por un importe consolidado de 23.665.671,48 euros. Tamén se conseguiu ese obxectivo en 2016 en termos consolidados por un total de 69.038.082,12 euros.

Regra de gasto:

En 2016 cumpriuse a regra de gasto en termos consolidados en 21.310.071,44 euros. Namentres que no 2017 prodúcese por vez primeira un incumprimento de dita regra pola Deputación en 35.687.452,58 euros e a nivel consolidado en 35.569.571,76 euros.

Débeda pública:

O saldo da débeda viva a longo prazo coas entidades financeiras é nulo tanto para a Deputación como para o Consorcio, é dicir, non hai capital financeiro pendente de cancelar ao finalizar eses exercicios.

Débeda comercial:

O período medio de pago cumpre dabondo o prazo legal establecido e o pendente de pago é dun importe case marxinal, inferior ao 2 por 100 das obrigacións en ambos os exercicios orzamentarios.


C.2 CAUSAS DO INCUMPRIMENTO


As causas pódense agrupar en tres categorías:

- a) O importe das obrigacións recoñecidas por operacións non financeiras foi anormalmente inferior en 2016, que é o exercicio sobre o que se calcula o límite da regra de gasto, en comparación ao dos exercicios precedentes e á media dos anos anteriores.

Isto provocou unha situación de difícil entendemento, o teito do gasto non creceu en 2017 senón que se reduciu, que o límite da regra de gasto en 2017 fose de 142.470.082,13 euros namentres que no 2016 tiña un importe de 153.477.224,13 euros, é dicir, que no 2017 houbo un límite para o gasto que era 11.007.142 euros inferior ao do exercicio anterior. Todo iso a pesar de que no 2016 cumpríronse sobradamente coa estabilidade orzamentaria e a regra de gasto. É destacable na táboa que segue como a execución orzamentaria de 2016 foi de case 10 puntos porcentuais menos que en 2015, namentres que a correspondente a 2017 está en liña coa de 2014 e lixeiramente por baixo da de 2015 (case catro puntos porcentuais menos).

	2014	2015	2016	2017
Total Créditos non financeiros definitivos (consolidados)	281.719.325,82	325.944.368,92	344.016.732,07	400.795.176,27
Total Obrigacións non financeiras recoñecidas (consolidadas)	127.774.765,96	160.065.938,99	135.093.155,81	180.837.069,18
Execución media en %	45,36%	49,11%	39,27%	45,12%





b) Os investimentos financeiramente sustentables que se financian cos remanentes de exercicios anteriores están suxeitas a uns límites temporais por imposición da súa normativa de difícil ou imposible cumprimento por esta Deputación, pois son gastos xestionados polos Concellos da provincia que teñen que seguir o procedementos administrativos establecidos. No informe da Intervención provincial sobre o estado de execución deses investimentos, do pasado 17 de xaneiro, cuantifícanse aquelas que deixaron de minorar o gasto computable en 2017 para os efectos de verificar o cumprimento da regra de gastos, que suman un total de 18.395.186,50 euros dun total de obrigacións recoñecidas por investimentos financeiramente sustentables de 35.066.510,23 euros (véxase o cadro seguinte). Si aquel importe mantivese a súa condición de investimento financeiramente sustentable o incumprimento da regra de gasto sería por un importe claramente inferior ao realmente producido, xa que o exceso en termos consolidados sería de 17.174.385,26 euros fronte ao importe de 35.569.571,76 euros posto de manifesto na liquidación do Orzamento 2017.

SUPERÁVIT ANO	INVERSIONES FINANCIERAMENTE SUSTENTABLES	ANOS DE EXECUCIÓN REGULA DE GASTO		OBRIGACIONES RECONOCIDAS POR EXERCICIO		IMPORTES (OR) QUE NON REDUCEN O GASTO COMPUTABLE EN 2017	
2013	Plan DTC-93	2014	2014	136.869,71			0
		2015	2015	14.788.484,72			0
			2016	1.307.951,31	2016		1.307.951,31
			2017	463.649,65	2017		463.649,65
Total				16.696.955,39		1.771.600,96	
2014	Plan PAS-2015	2015	2015	0			0
		2016	2016	1.359.388,22			0
			2017	16.623.585,54	2017		16.623.585,54
Total				17.982.973,76		16.623.585,54	
2015	Plan POS+2017	2016	2016	0			0
		2017	2017	386.581,08			0
Total				386.581,08		0	
2016	Plan POS+2017 Adicional	2017	2017	0			0
		2018	2018	0			0
Total				0		0	
2016	Plan POS+2018	2017	2017	0			0
		2018	2018	0			0
Total				0		0	
TOTAL PLANS				35.066.510,23		18.395.186,50	

SIMULACION DA EVALUACION DO CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO

Liquidación 2017

	Deputación	Consortio contraincendios	Consolidado
Gasto computable liq. 2016 (GC2016)	126.365.796,97	8.468.695,25	134.834.492,22
Investimentos financieramente sustentables (2016) (IFS2016)	2.667.339,53		
Taxa referencia crecemento PIB (TRCPIB) 2017	2,10%	2,10%	2,10%
(GC2016-IFS2016)*(1+TRCPIB)	126.296.125,05	8.646.537,85	134.942.662,90
Aumentos/diminucións Orzo 2017 por cambios normativos	7.527.419,23	0,00	7.527.419,23
Investimentos financieramente sustentables (2017) (IFS2017)(A)	386.581,08	0,00	386.581,08
Investimentos financieramente sustentables (2017) (IFS2017) que perderon esta condición (B)	18.395.186,50		
Límite da Regra de Gasto	133.823.544,28	8.646.537,85	142.470.082,13
Gasto computable liquidación 2017 (GC2017)-IFS2017 (A)-IFS2017 (B)	151.115.810,36	8.528.657,03	159.644.467,39
Diferenza límite Regra de Gasto e Gasto computable 2017	-17.292.266,08	117.880,82	-17.174.385,26
% Incremento gasto computable 2017/2016	22,16%	0,71%	18,40%

SUPERA LIMITE GASTO COMPUTABLE	CUMPRE REGRA DE GASTO	SUPERA LIMITE GASTO COMPUTABLE
---	--------------------------------------	---


- c) A utilización do remanente de tesourería como fonte de financiamento de modificacións orzamentarias e incorporación de remanente de crédito do exercicio anterior.

Estas modificacións orzamentarias dan como resultado que oP resupuesto definitivo da Deputación sexa máis do dobre que o inicialmente aprobado no últimos catro exercicios liquidados e que unha parte das obrigacións recoñecidas ao finalizar o exercicio procedan de créditos orzamentarios que foron modificados. Estimáronse as obrigacións recoñecidas que proceden de modificacións orzamentarias mediante a aplicación da porcentaxe media de créditos definitivos que deron lugar a obrigacións recoñecidas. Obsérvase como esta magnitude estimada ha pasado de 63.282.544,92 euros en 2014 a 104.849.485,41 euros en 2017. Esta última magnitude provocou o incumprimento da regra de gasto como se demostra a continuación.

EXERCICIO	2014	2015	2016	2017
ORZAMENTO INICIAL	157.600.560,00	171.334.100,00	175.599.035,00	176.515.000,00
REMANENTE DE TESORERIA	164.397.959,84	179.836.215,03	207.088.635,73	259.954.816,97
Incorporación de remanentes	59.202.347,78	93.840.970,12	70.074.913,86	124.709.215,79
EMC de aprobación polo Pleno	85.278.348,38	68.007.037,17	108.674.607,82	109.486.641,72
MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO FINANCIADAS CON RTE. DE TESOURERÍA	144.480.696,16	161.848.007,29	178.749.521,68	234.195.857,51
ORZAMENTO DEFINITIVO	311.451.356,07	341.283.664,44	362.100.169,03	418.337.024,56

Obrigacións recoñecidas de modificacións de crédito (estimadas)	63.282.544,92	78.528.653,14	68.318.067,19	104.849.485,41
---	---------------	---------------	---------------	----------------

COMPARATIVA PRESUPOSTOS 2014-2017



SIMULACION DA EVALUACION DO CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO

Liquidación 2017

	Deputación	Consortio contraincendios	Consolidado
Gasto computable liq. 2016 (GC2016)	126.365.796,97	8.468.695,25	134.834.492,22
Investimentos financieramente sustentables (2016) (IFS2016)	2.667.339,53		
Taxa referencia crecemento PIB (TRCPIB) 2017	2,10%	2,10%	2,10%
(GC2016-IFS2016)*(1+TRCPIB)	126.296.125,05	8.646.537,85	134.942.662,90
Aumentos/diminucións Orzo 2017 por cambios normativos	7.527.419,23	0,00	7.527.419,23
Investimentos financieramente sustentables (2017) (IFS2017)	386.581,08	0,00	386.581,08
Límite da Regra de Gasto	133.823.544,28	8.646.537,85	142.470.082,13
Gasto computable liquidación 2017 (GC2017)-ORN financiadas con remanente de tesourería -IFS2017	64.661.511,45	8.528.657,03	73.190.168,48
Diferenza límite Regra de Gasto e Gasto computable 2017	69.162.032,83	117.880,82	69.279.913,65
% Incremento gasto computable 2017/2016	-47,73%	0,71%	-45,72%

**CUMPRE REGRA DE
GASTO**

**CUMPRE REGRA DE
GASTO**

**CUMPRE REGRA DE
GASTO**

Evidénciase que a eliminación de 104.849.485,41 euros de obrigacións recoñecidas que proceden de modificacións orzamentarias financiadas con remanente de tesourería daría lugar a un gasto computable en 2017 inferior en 69.279.913,65 euros ao límite que resulta da regra de gasto a nivel consolidado e por tanto posibilitaríase o cumprimento desa regra fiscal.

2. PLAN ECONOMICO-FINANCIERO 2018-2020

A. CAUSAS E PREVISION TENDENCIAL

O incumprimento da regra de gasto, como xa se veu repetindo nas páxinas anteriores, é o resultado da utilización do remanente de tesourería para financiar modificacións orzamentarias. A este respecto, a Intervención Xeral do Estado responde, a unha consulta da asociación Cositalnetwork, que a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda considera que "(...) O remanente de tesourería, aínda cando se configura contablemente como un activo financeiro, pola súa natureza identificaríase co aforro que xera unha entidade local nun exercicio como consecuencia do desfaseamento entre a execución duns ingresos orzamentarios e as obrigacións recoñecidas ás que están afectados de forma tal que ese aforro haberá de ser utilizado como fonte de financiamento das obrigacións de exercicios posteriores a aquel no que se obtivo.

En consecuencia, **non cabe admitir que a utilización do remanente de tesourería afectado por unha entidade local sexa determinante dunha situación de déficit estrutural**, é máis, habería de identificarse cunha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento.

(...)

Sobre a base do exposto, cabe afirmar que a recuperación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e, no seu caso, da regra de gasto, incumpridos pola utilización do remanente de tesourería afectado **lograríase coa simple aprobación do orzamento do exercicio seguinte en situación de equilibrio orzamentario e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural algunha, dada a natureza do remanente de tesourería afectado no ámbito da Administración local. Nese contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se poderá limitar a expor a orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida**".

Estas mesmas consideracións son de aplicación na nosa opinión ás modificacións orzamentarias que se financian co remanente de tesourería para gastos xerais, pois constitúe a expresión dunha capacidade financeira para atender maiores gastos no exercicio seguinte e carece da natureza de gasto estrutural para esta Deputación, xa que ditas modificacións foron realizadas para achegar aos Concellos da provincia maiores recursos con que financiar novos gastos, dos que boa parte dos mesmos tiñan natureza de investimentos financieramente sustentables ou se destinaban a que as entidades municipais cancelasen a débeda comercial cos seus provedores.

Ao día da data tramitáronse ou están en trámite diversas modificacións orzamentarias (incorporacións de remanentes de crédito e suplementos de crédito) que foron sometidos a unha avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, dando como resultado unha previsión de cumprimento de ambos os ao finalizar o exercicio 2018, como se pode ver a continuación:

EVALUACION CUMPRIMENTO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA: EMC_1_ 2018

	Deputación	Consortio contraincendios	Consolidado
I1- Impostos directos	16.849.442,47	0,00	16.849.442,47
I2- Impostos indirectos	14.600.217,67	0,00	14.600.217,67
I3- Taxas e outros ingresos	10.439.337,50	2.379.319,52	12.818.657,02
I4- Transferencias correntes	137.361.946,07	6.593.599,32	143.955.545,39
I5- Ingresos patrimoniais	195.053,59	1.100,00	196.153,59
I6- Enaj. de invers . Reais	0,00	0,00	0,00
I7- Transferencias de capital	6.489.813,93	0,00	6.489.813,93
I8- Activos financeiros	191.429.172,20	0,00	191.429.172,20
I9- Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
Total ingresos	377.364.983,43	8.974.018,84	386.339.002,27
Ingresos non financeiros	185.935.811,23	8.974.018,84	194.909.830,07
G1- Gastos de persoal	41.489.614,12	326.703,64	41.816.317,76
G2- Gastos en bens e servizos	37.216.294,28	8.334.899,56	45.551.193,84
G3- Gastos financeiros	20.000,00	1.000,00	21.000,00
G4- Transferencias correntes	82.132.821,41	220.415,64	82.353.237,05
G5-Continxencias	3.579.000,00	0,00	3.579.000,00
G6- Investimentos reais	53.711.845,12	91.000,00	53.802.845,12
G7- Transferencias de capital	123.964.963,15	0,00	123.964.963,15
G8- Activos financeiros	35.250.445,35	0,00	35.250.445,35
G9- Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
Total gastos	377.364.983,43	8.974.018,84	386.339.002,27
Gastos non financeiros	342.114.538,08	8.974.018,84	351.088.556,92

**EVALUACION ESTABILIDADE
ORZAMENTARIA:**

Ingresos non financeiros	185.935.811,23	8.974.018,84	194.909.830,07
Gastos non financeiros	338.535.538,08	8.974.018,84	347.509.556,92
Axustes recadación capítulo 1	751.485,13	0,00	751.485,13
Axustes recadación capítulo 2	792.791,82	0,00	792.791,82
Axustes recadación capítulo 3	100.217,64	210.331,85	310.549,49
Axuste por liquidación PTE-2008	405.164,10	0,00	405.164,10
Axuste por liquidación PTE-2009	1.717.005,49	0,00	1.717.005,49
Axuste por liquidación PTE doutros exercicios	0,00	0,00	0,00
Axuste por pagamento de intereses	0,00	0,00	0,00
Axuste por arrendamento financeiro	0,00	0,00	0,00
(+/-)Axuste por grao execución do gasto	181.814.117,67	958.884,04	182.773.001,71
Axuste por ingresos obtidos da Unión Europea		0,00	0,00
Axuste por gastos pendentes de aplicar a orzamento	-46.778,80	-17.264,62	-64.043,42
Total axustes propia entidade	185.534.003,05	1.151.951,27	186.685.954,32
Axustes por operacións internas	0,00	0,00	0,00
Capacidade/necesidade financiamento	32.934.276,20	1.151.951,27	34.086.227,47

CUMPRE OBXECTIVO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA **CUMPRE OBXECTIVO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA** **CUMPRE OBXECTIVO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA**

EVALUACION DO CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO: EMC_1_2018

	Deputación	Consorcio contraincendios	Consolidado
Gasto computable liq. 2017 (GC2017)	169.897.577,94	8.528.834,03	178.426.411,97
Investimentos financieramente sustentables (2017) (IFS2017)	386.581,08		
Taxa referencia crecemento PIB (TRCPIB) 2018	2,40%	2,40%	2,40%
(GC2017-IFS2017)*(1+TRCPIB)	173.579.260,78	8.733.526,05	182.312.786,83
Aumentos/diminucións Orzo 2018 por cambios normativos	7.165.189,98	0,00	7.165.189,98
Investimentos financieramente sustentables (2018) (IFS2018)	10.976.265,95	0,00	10.976.265,95
Límite da Regra de Gasto	180.744.450,76	8.733.526,05	189.477.976,81
Gasto computable liq. 2018 (GC2018)-IFS2018	149.350.933,26	8.031.399,42	157.382.332,68
Diferenza límite Regra de Gasto e Gasto computable 2018	31.393.517,50	702.126,63	32.095.644,13
% Incremento gasto computable 2018/2017	-11,89%	-5,83%	-11,79%

CUMPRE REGRA DE GASTO

CUMPRE REGRA DE GASTO

CUMPRE REGRA DE GASTO

B. PROYECCION SEN MEDIDAS 2019-2020

LIQUIDACION (Consolidada)(Estimada)	2019	2020
I1- Impuestos directos	17.974.335,21	18.768.081,85
I2- Impuestos indirectos	15.305.390,53	15.672.719,90
I3- Taxas e outros ingresos	12.982.594,33	13.296.357,67
I4- Transferencias correntes	152.065.211,27	155.740.323,29
I5- Ingresos patrimoniais	200.894,23	205.749,44
I6- Enaj. de invers. reais	0,00	0,00
I7- Transferencias de capital	1.225,93	1.255,56
I8- Activos financeiros	502.044,08	514.177,48
I9- Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL INGRESOS	199.033.714,57	204.200.685,20
G1- Gastos de persoal	39.071.223,89	39.774.505,92
G2- Gastos en bens e servizos	33.613.791,36	33.484.714,41
G3- Gastos financeiros	20.919,36	20.839,03
G4- Transferencias correntes	60.458.700,97	60.226.539,56
G6- Invertementos reais	15.006.695,71	15.366.856,41
G7- Transferencias de capital	27.484.093,18	28.141.187,71
G8- Activos financeiros	11.887.778,25	12.173.084,93
G9- Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL GASTOS	187.543.202,73	189.187.727,96
Resultado orzamentario	11.488.492,85	15.010.937,24
Ingresos correntes	198.528.425,56	203.683.232,16
Gastos correntes	133.164.635,58	133.506.598,91
Aforro bruto	65.363.789,98	70.176.633,24
% Aforro bruto/ingresos correntes	32,92%	34,45%
Ingresos de capital	1.225,93	1.255,56

Gastos de capital	42.490.788,89	43.508.044,11
Superávit/déficit de capital	-42.489.562,96	-43.506.788,56
Ingresos non financeiros (INF)	198.529.651,49	203.684.487,71
Gastos non financeiros (GNF)	175.655.424,48	177.014.643,03
Axuste SEC95	0,00	0,00
Capacidade/necesidade de financiamento (CNF)	22.874.227,02	26.669.844,69
% CNF/ingresos non financeiros	11,52%	13,09%
Regra de gasto (RG)	2,70%	2,80%
GNF máximo axustado a Estabilidade Orzamentaria	198.529.651,49	203.684.487,71
GNF máximo axustado segundo Regra de gasto (GNFSRG)	194.593.882,18	200.042.510,89
Menor límite GNF (MGNF)	194.593.882,18	200.042.510,89
GNF axustado s/RG (GNFSRG)	0,00	0,00
Diferenza MGNF-GNFSRG	18.938.457,71	23.027.867,86
Novo endebedamento a l/p	0,00	0,00
Débedas con e. financeiras a final de ano	0,00	0,00
Amortización anticipada	0,00	0,00
Débeda total	0,00	0,00
% Débeda financeira/ingresos correntes	0,00%	0,00%
Límite legal endebedamento	110,00%	110,00%

Estes importes que resultarían de proxectar os datos que resultaron da Liquidación do Orzamento consolidado de 2017 e a estimación do 2018 nos dous exercicios seguintes, constituirían un marco orzamentario futuro actualizado. Nos exercicios 2019 e 2020 respectaríanse os principios de estabilidade orzamentaria e regra de gasto dun modo máis que satisfactorio: 22.874.227,02 euros de capacidade de financiamento en termos SEC en 2019 e 26.669.844,69 euros en 2020. O gasto non financeiro en 2019 estaría por baixo do límite da regra de gasto en 18.938.457,71 euros e en 23.027.867,86 euros en 2020.

C. MEDIDAS DO PLAN ECONOMICO-FINANCEIRO 2018-2020

Xa expresamos anteriormente no apartado 2.A que debido ás causas que produciron o incumprimento da regra de gasto en 2017 non se precisa a adopción de ningunha medida correctora, tendo este Plan unha natureza meramente explicativa pero non correctiva.

D. CONCLUSIÓNS E OBXECTIVOS

A xestión do Orzamento actual e dos futuros deberán ter en conta no momento de iniciar a tramitación de modificacións orzamentarias, que dean lugar a un crecemento dos créditos definitivos, que as obrigacións que se recoñezan deberán ser compatibles cos límites de gasto non financeiro determinados mediante a aplicación da regra de gasto e asegurar o cumprimento da estabilidade orzaria.

E. ANEXOS:

1. Informe da Intervención provincial á Liquidación do Orzamento, do 25 de xaneiro de 2018
2. Informe da Intervención provincial sobre o estado de execución dos investimentos financieramente sustentable, do 17 de xaneiro de 2018
3. Acta de arqueo a 31 de decembro de 2017

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

Sr. Presidente

No apartado de mocións hai dúas mocións, a primeira do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños en contra da instalación dunha planta de tratamento de residuos oleosos no peirao de Oza.

I.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS EN CONTRA DA INSTALACIÓN DUNHA PLANTA DE TRATAMENTO DE RESIDUOS OLEOSOS NO PEIRAO DE OZA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 23 de outubro de 2017 publícase no nº 201 do DOG un anuncio de 29 de setembro de 2017, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, no que se fai público o informe de impacto ambiental da planta de recepción e pre-tratamento de residuos xerados por buques, no Concello da Coruña, promovido por Limpeza Marítima de Óleos S.L.U. Limpoil (clave do proxecto 2017/0167).

Tal e como se reflicte na propia resolución, así como no estudo de impacto simplificado obxecto da mesma, a planta tería unha capacidade máxima de xestión de refugallos de 4.000 toneladas ao ano, cunha capacidade máxima de tratamento de 26.280 metros cúbicos anuais, dos que se espera extraer mil toneladas ao ano de augas residuais. A planta estaría composta por:

- Dous tanques de 65.000 litros para almacenaxe; un deles para almacenaxe de residuos MARPOL con mestura non emulsionada sometidos a pre-tratamento, e outro para almacenaxe de residuos MARPOL formados por mestura emulsionada.
- Un tanque de 28.000 litros para recepción e almacenaxe de residuos de aceite.
- Un tanque de 30.000 litros con funcións auxiliares.

A instalación dunha planta destas características é totalmente incompatible coa actividade dun porto pesqueiro como é o de Oza, nunha localización a menos de 500 metros dos bancos de produción marisqueira, ó carón das praias de Oza e Santa Cristina.

O propio informe da Consellería de Medio Ambiente reconece que a área de impacto é “especialmente sensible” pola proximidade da ría e as praias. A pesares dos riscos, a Consellería conclúe o informe afirmando que «*non son previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente*» e negando a necesidade de que o proxecto sexa sometido a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria, esixindo unicamente unha declaración de impacto ambiental simplificada (a mínima documentación esixida pola lei). Por contra, os contra informes da Dirección Xeral de Saúde Pública e da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro —ambas dirección pertencentes á propia Xunta de Galicia— reclaman un seguimento da calidade das augas de baño

cunha análise de riscos para elaborar o plan de emerxencias e medidas que aseguren a protección dos recursos pesqueiros de acordo co establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca en Galicia, respectivamente.

En resposta á actitude permisiva da Consellería de Medio Ambiente, o 27 de novembro de 2017, a Asociación de Veciños de Oza-Gaiteira-Os Castros difunde unha proposta de moción para que os grupos políticos da Coruña presenten rexeitando a instalación da devandita planta. O 30 de novembro, Alternativa dos Veciños rexistra a moción en Oleiros, e esta é aprobada no seguinte Pleno municipal. O Pleno de A Coruña aproba tamén a moción o 4 de decembro de 2017 coa abstención do PP.

Á marxe das conclusións timoratas do informe de impacto ambiental da Consellería de Medioambiente e Ordenación do Territorio, emitido o 27 de setembro de 2017, hai que contextualizar unha serie de circunstancias que son intolerables:

En primeiro lugar, é necesario lembrar a natureza da empresa Limpoil S.L.U. cuxas cuestionables prácticas con respecto ao tratamento de residuos levaron ao Concello de Oleiros a presentar unha demanda en 2002. Ese ano, a Policía local do municipio colleu *in situ* a un camión cisterna da empresa Port-Vigo (matriz de Limpoil) derramando aceites procedentes de barcos de forma irregular ao alcantarillado público a través dunha nave no polígono de Icaria que nin sequera estaba dada de alta.

En segundo lugar, hai que seguir facendo fincapé nas nefastas consecuencias ambientais que teñen este tipo de instalacións na nosa xeografía. Só no ano 2017 producíronse en toda España 57 incendios en plantas de xestión de residuos, todos eles contrastables a través da prensa do país.

Nos últimos dous anos, destacou pola súa gravidade e prexuízo medioambiental o catastrófico incendio de 2016 de 100.000 toneladas de neumáticos en Seseña. Pero son moitos os que se produciron no 2017, a destacar:

- **4 de xaneiro:** incendio de planta de reciclaxe de materiais de Construción en Lesaka (Navarra).
- **19 de febreiro:** incendio nunha planta de residuos de Atarfe (Granada)
- **13 de marzo:** incendio dunha planta de tratamento de residuos en Caudete de las Fuentes (Valencia) (habería outro o 4 de abril no mesmo lugar).
- **17 de abril:** incendio na Planta de reciclaxe de Els Alamús (Lleida). 40 toneladas de plásticos calcinadas.
- **4 de maio:** explosións na planta de residuos de Arganda del Rey, cun saldo de 36 persoas feridas e máis de 40 toneladas de plásticos calcinadas.
- **O 18 de xuño:** en Málaga, un incendio de grandes dimensións calcinou ata as cinzas un almacén de residuos no polígono industrial de Ronda.

E poderíanse citar multitude de sinistros destas características en cada un dos meses do ano, pero hai que destacar tamén aqueles que se deron na nosa provincia, A Coruña, que non está en absoluto libre desta lacra. Algúns exemplos recentes son:

- **Ribeira, marzo de 2017:** incendio nunha planta de reciclaxe e refugallos abandonada.

- **Arteixo, maio de 2017:** incendio na planta de reciclaxe de residuos de Gestán, en Santa Iclía.
- **As Somozas, 19 de xaneiro de 2018:** incendio na planta de residuos de Sogarisa, cunha instalación de máis de 3.000 metros cadrados calcinada, con centos de depósitos de plásticos e produtos químicos no seu interior;
- **Padrón, 23 de xaneiro de 2018:** explosión na planta de FINSA, 8 feridos, un deles de gravidade.

Alternativa dos Veciños entende que o tecido industrial é un factor de creación de emprego. Non obstante, as industrias teñen que asegurar un desenvolvemento medioambiental acorde co benestar das persoas.

Son moitas as décadas que a veciñanza leva loitando por unha ría do Burgo saneada, xeradora de riqueza a través de actividades de lecer, pesca e marisqueo. É necesaria a protección dos espazos naturais para que estas actividades se poidan desenvolver sen risco. E é evidente que unha planta de pre-tratamento e xestión de residuos oleosos en plena ría non é máis que un novo risco de contaminación ambiental para unha zona cunha importante actividade tanto económica, como de lecer e sociocultural.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños solicita por parte do Pleno da Deputación da Coruña a aprobación dos seguintes:

ACORDOS

1. Amosar publicamente o rexeitamento da Deputación da Coruña á construción desta planta de pre-tratamento de aceites industriais e hidrocarburos no Peirao de Oza, na Coruña.
2. Apoiar ás entidades veciñais e organizacións que xa se teñen posicionado en contra da construción desta planta e xa teñen presentado alegacións ao proxecto.
3. Que a Deputación da Coruña, como parte interesada, faga un seguimento continuo dos procedementos administrativos relacionados co obxecto de impedir a construción desta planta no peirao de Oza.
4. Demandar da Xunta de Galicia a desestimación e rexeitamento da construción dunha planta de recepción de pre-tratamento de residuos oleosos xerados por buques no Concello da Coruña, promovida por Limpoil S.L.U. (clave do proxecto 2017/0167)

Sr. García Seoane

Vou coa exposición de motivos desta moción.

O 23 de outubro de 2017 publícase no nº 201 do DOG un anuncio de 29 de setembro de 2017, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, no que se fai público o informe de impacto ambiental da planta de recepción e pre-tratamento de residuos xerados por buques, no Concello da Coruña, promovido por Limpeza Marítima de Óleos S.L.U. Limpoil.

Tal e como se reflicte na propia resolución, así como no estudo de impacto simplificado obxecto desta, a planta tería unha capacidade máxima de xestión de refugallos de 4.000 toneladas ao ano, cunha capacidade máxima de tratamento de 26.280 metros cúbicos anuais, dos que se espera extraer mil toneladas ao ano de augas residuais. A planta, por tanto, estaría composta por: dous tanques de 65.000 litros para almacenaxe; un deles para almacenaxe de residuos MARPOL con mestura non emulsionada sometidos a pre-tratamento, e outro para almacenaxe de residuos MARPOL formados por mestura emulsionada. Un tanque de 28.000 litros para recepción e almacenaxe de residuos de aceite e un tanque de 30.000 litros para funcións auxiliares.

A instalación dunha planta destas características é totalmente incompatible coa actividade do porto pesqueiro como é o de Oza, nunha localización a menos de 500 metros dos bancos de produción marisqueira, ao carón das praias de Oza e Santa Cristina.

O propio informe da Consellería de Medio Ambiente recoñece que a área de impacto é “especialmente sensible” pola proximidade da ría e as praias. A pesar dos riscos, a Consellería conclúe o informe afirmando que *«non son previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente»* e negando a necesidade de que o proxecto sexa sometido a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria, esixindo unicamente unha declaración de impacto ambiental simplificada (a mínima documentación esixida pola lei). Por contra, os informes da Dirección Xeral de Saúde Pública e da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro —ambas direccións pertencen á propia Xunta de Galicia— reclaman un seguimento da calidade das augas de baño cunha análise de riscos para elaborar un plan de emerxencias e medidas que aseguren a protección dos recursos pesqueiros de acordo co establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca en Galicia.

En resposta á actitude permisiva da Consellería de Medio Ambiente, o 27 de novembro de 2017, a Asociación de Veciños de Oza-Gaiteira-Os Castros difunde unha proposta de moción para que os grupos políticos da Coruña presenten rexeitando a instalación da devandita planta. É o 30 de novembro cando Alternativa dos Veciños rexistra a moción en Oleiros, e esta se aproba polo Pleno municipal. O Pleno da Coruña aproba tamén a moción o 4 de decembro de 2017 coa abstención do Partido Popular.

Á marxe das conclusións timoratas do informe de impacto ambiental da Consellería de Medioambiente e Ordenación do Territorio, emitido o 27 de setembro de 2017, hai que contextualizar unha serie de circunstancias que son intolerables, e digo intolerables: En primeiro lugar, é necesario lembrar a natureza da empresa Limpoil S.L.U. cuxas cuestionables prácticas con respecto ao tratamento de residuos levaron ao Concello de Oleiros a presentar unha demanda en 2002. Ese ano, a Policía local do municipio colleu *in situ* a un camión cisterna da empresa Port-Vigo (matriz de Limpoil) derramando aceites procedentes de barcos de forma irregular na rede de saneamento público do Concello de Oleiros a través dunha nave no polígono de Icaria que nin sequera estaba dada de alta, é dicir, metíanse os camións dentro e todo o que se recollía no porto se descargaba na rede de sumidoiros novamente para volver a acceder á ría, porque non había ademais naquel momento nin sequera a planta de Bens.

En segundo lugar, hai que seguir facendo fincapé nas nefastas consecuencias ambientais que teñen este tipo de instalacións na nosa xeografía. Só no ano 2017 producíronse en toda España 57 incendios en plantas de xestión de residuos, todos eles constatables a través da prensa do país.

Nos últimos dous anos, destacou pola súa gravidade e prexuízo medioambiental o catastrófico incendio de 2016 de 100.000 toneladas de pneumáticos en Seseña. Pero son moitos os que se produciron no ano 2017 :4 de xaneiro: incendio de planta de reciclaxe de materiais de Construción en Lesaka (Navarra); 19 de febreiro: incendio nunha planta de residuos de Atarfe (Granada); 13 de marzo: incendio dunha planta de tratamento de residuos en Caudete de las Fuentes (Valencia); 17 de abril: incendio na Planta de reciclaxe de Els Alamús (Lleida); 4 de maio: explosión na planta de residuos de Arganda del Rey, cun saldo de 36 persoas feridas e máis de 40 toneladas de plásticos calcinadas; o 18 de xuño: en Málaga, un incendio de grandes dimensións calcinou ata as cinzas un almacén de residuos no polígono industrial de Ronda.

E poderíanse citar multitude de sinistros que aconteceron, pero só na provincia da Coruña, o ano pasado: Ribeira, marzo de 2017: incendio nunha planta de reciclaxe e refugallos que estaba abandonada. Arteixo, incendio na planta de reciclaxe de residuos de Gestán, en Santa Icí. As Somozas, a bandeira que ten a Comunidade Autónoma, como planta de reciclaxe é Somozas: incendio na planta de residuos de Sogarisa, cunha instalación de máis de 3.000 metros cadrados calcinada, con centos de depósitos de plásticos e produtos químicos no seu interior, así é como depuran todo este tipo de empresas. Padrón, 23 de xaneiro: explosión na planta de FINSA, con 8 feridos, un deles de gravidade.

Alternativa dos Veciños entende que o tecido industrial é un factor de creación de emprego. Non obstante, as industrias teñen que asegurar un desenvolvemento medioambiental acorde co benestar das persoas.

Son moitas as décadas que a veciñanza leva loitando por unha ría do Burgo saneada, decenas de anos, xeradora de riqueza a través de actividades de lecer, pesca e marisqueo. É necesaria a protección dos espazos naturais para que actividades se poidan desenvolver sen risco. E é evidente que unha planta de pre-tratamento e xestión de residuos oleosos en plena ría non é máis que un novo risco de contaminación ambiental para unha zona cunha importante actividade tanto económica, como de lecer e sociocultural. É a comarca máis importante de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños solicita por parte do Pleno da Deputación da Coruña a aprobación dos seguintes, quero dicir que nestes catro apartados recollemos a suxestión que nos fixo o Goberno, tanto BNG como Partido Socialista, de modificar o apartado terceiro, que xa o recollo nesta declaración:

Amosar publicamente o rexeitamento da Deputación da Coruña á construción desta planta de pre-tratamento de aceites industriais e hidrocarburos no Peirao de Oza, na Coruña.

Dous, apoiar ás entidades veciñais e organizacións que xa se teñen posicionado en contra da construción desta planta e xa teñen presentado alegacións ao proxecto.

Que a Deputación da Coruña, como parte interesada, faga un seguimento continuo dos procedementos administrativos relacionados co obxecto de impedir a construción desta planta no peirao de Oza.

E cuarto, demandar da Xunta de Galicia a desestimación e rexeitamento da construción dunha planta de recepción de pre-tratamento de residuos oleosos xerados por buques na Coruña, e promovida por Limpoil, que como xa dixen, deixa moito que desexar esa empresa, cos antecedentes que ten, para montar en ningún lugar de Galicia unha planta de tratamentos de residuos tóxicos, xa sabemos como se desfán deles, esta empresa e todas as que nomeei aquí, que son 56, son 56 as que se levan nestes dous últimos anos rebentando por todo o país, cobran por reciclar, cobran a quen leva alí os refugallos e logo os queiman, non reciclan e quéimanos.

Aínda temos o petróleo do último barco que aconteceu aquí na comarca, aínda está alá arriba nas Somozas en balsas sen tratamento. Por tanto esta é a proposta que facemos.

Sr. Díaz Grandío

Moi bo día a todos, anunciamos, como non pode ser doutro xeito, o noso voto favorable, a pesar de que nos tería gustado presentar esta moción de xeito conxunto, porque é moi relevante que chegue aquí ata o Pleno da Deputación, e concorda coa aprobada anteriormente nun Pleno municipal no Concello da Coruña.

Agora ben, unha serie de consideracións, xa que cremos que neste caso concreto estamos ante o exemplo plasmable do modelo que o Partido Popular ten para o porto da Coruña. Non escoita, deslealdade institucional continua e ninguneo continuo á representación do Concello do Goberno municipal neste caso, que non só a nivel para dar eses permisos, para instalar aí unha planta de reciclaxe de residuos procedentes dos aceites producidos polas embarcacións, sendo máis importante unha vez máis os intereses empresariais fronte aos do tecido social e veciñal da cidade e da súa contorna.

Por outra parte, empregar a fachada portuaria da Coruña como unha infraestrutura, sen ter en conta que as actuacións que alí se levan a cabo son sensibles, non só na economía, senón tamén no medio mariño e nos concellos da contorna, polo visto tampouco isto lles importa demasiado.

Cremos que a Xunta de Galicia non pode empregar o porto da Coruña como o seu casarío, un casarío que por outra parte emprega non só para impoñer o seu modelo económico e ambiental que non entendemos moi razoable, senón tamén que é un casarío desde o que fai e segue facendo e fará a guerra partidaria.

Por todos estes motivos seguiremos demandando a devolución á cidadanía da fachada portuaria da Coruña e con base nese espírito apoiaremos esta moción que non pretende outra cousa que protexer o noso medio mariño local.

Sra. Padín Fernández

Grazas, presidente, moi bo día. Quero empezar deixando claro que o Grupo Popular quere que se tramite este expediente de autorización da planta de residuos de recepción e pretratamento de residuos xerados por buques na zona do porto da Coruña, pero sempre coas máximas garantías ambientais que poidan ser esixidas. Entendemos a preocupación dos veciños e por iso trasladámoslles e seguiremos trasladando o noso apoio para que calquera trámite que se realice para instalar calquera actividade na zona se faga coas máximas garantías ambientais e co maior control administrativo posible.

A moción propón no seu cuarto punto unha acción manifestamente ilegal, estase propondo ao goberno galego que prevarique ao tomar unha resolución independentemente dos aspectos que deben ser valorados durante a tramitación do dito expediente de autorización. Pedirle a unha Administración que desestime nun sentido sen nin sequera tramitar o expediente, non é outra cousa que pedirle que prevarique. O goberno da Xunta de Galicia non pode facer outra cousa que tramitar o expediente e aplicar a lexislación vixente. Houbo unha tramitación ambiental estratéxica que contou con dous informes municipais, que non puxeron en entredito o fondo do asunto ou da idoneidade da planta, e que se limitou a apuntar aspectos que deben de ser corrixidos para minimizar o impacto. Tiveron dúas ocasións para parar a tramitación e non o fixeron. Unha vez cumpridos estes requirimentos que formularon nos informes, a Consellería ten que tramitala. Para cortixo non é a Xunta de Galicia, é o Concello da Coruña neste momento co Goberno da Marea. Polo tanto, tratouse dunha tramitación ambiental correcta, desde o punto de vista formal e tamén material.

Agora aínda queda tramitar unha autorización ambiental integrada, que está en trámite, e que terá unha información pública e solicitarase un novo informe ambiental ao Concello. Poden estar tranquilos, se se trata dunha planta ilegal non se levará a cabo. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Eu creo que todas as empresas que citei antes, cando se montaron, seguro que contaron con todo o beneplácito de todos os informes, de todos os técnicos, de todos os políticos do Goberno en cuestión onde estivera, seguro, pero a realidade foi outra, a realidade foi a que acabo de denunciar aquí nesta sala. Todas, ningunha recicla, e cando hai que reciclar queiman e logo botan xente fóra, reciclan tamén a empresa, montan naves novas subvencionadas polos mesmos gobernos, onde están situados, autonómicos ou estatais, e a seguir chupando ata a próxima. Polo tanto, a min non me vale de nada que diga que teñen informes, os informes, que pasou?, onde estaban os inspectores para controlar que todas estas cincuenta e sete empresas non voaran polos aires ou non arderan?, onde estaban?, estaban mangoneando, os inspectores estaban mangoneando, non controlaban estas empresas, porque se as controlaran xa non podían permitir esa cantidade de refugallos almacenados durante anos neses mesmos lugares. E volvo dicir, o petróleo aínda está sen reciclar, o petróleo e o barco aínda está sen reciclar en balsas recollido nesa zona. Polo tanto, prevaricar, iso si que é prevaricar, iso é prevaricar un día si e outro tamén.

O Porto da Coruña, o porto pesqueiro, non é un Polígono Industrial, este tipo de empresas hai que montalas en polígonos industriais acadados para iso, por

exemplo Oleiros ten polígonos industriais que prohibe totalmente as industrias contaminantes, pero hai polígonos aquí cerca, en Arteixo, noutros lugares, que permiten este tipo de empresas, cunhas condicións determinadas, que están aí, polo tanto, ten que haber lugar indubidablemente para que se poidan montar empresas contaminantes, cunhas circunstancias determinadas, que logo xa vemos cales son, pero hai concellos que si o consenten, hai outros que non.

Polo tanto, o porto non é un polígono industrial, o porto é un porto pesqueiro, xa o sacaron de dentro da cidade coa desculpa de que facía falta o espazo, e non temos nin pescadores nin imos ter nada, ao ritmo que imos son portos deportivos que non valen máis que para o divertimento e ocio dos de sempre, non para os traballadores, cada día menos traballadores. Polo tanto, ese porto está metido na boca da ría da Pasaxe, a ría, non lle chaman do Burgo, a ría da Pasaxe, que linda todo co Concello de Oleiros e con parte da Coruña, con máis parte que ningún sitio co Concello de Oleiros.

Polo tanto nós estamos nesta batalla por intentar, e desde logo faremos todo o posible para que así sexa, que este tipo de plantas miserentas, ilegais, non se poidan montar nun porto pesqueiro como é o porto da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (6 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 1 deputado (PSOE, Sr. García García)

Abstéñense: 13 deputados (PP)

O Sr. García García manifesta que por erro votou en contra pero que o seu voto é afirmativo.

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS EN CONTRA DA INSTALACIÓN DUNHA PLANTA DE TRATAMENTO DE RESIDUOS OLEOSOS NO PEIRAO DE OZA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 23 de outubro de 2017 publícase no nº 201 do DOG un anuncio de 29 de setembro de 2017, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, no que se fai público o informe de impacto ambiental da planta de recepción e pre-tratamento de residuos xerados por buques, no Concello da Coruña, promovido por Limpeza Marítima de Óleos S.L.U. Limpoil (clave do proxecto 2017/0167).

Tal e como se reflicte na propia resolución, así como no estudo de impacto simplificado obxecto da mesma, a planta tería unha capacidade máxima de xestión de refugallo de 4.000 toneladas ao ano, cunha capacidade máxima de tratamento de

26.280 metros cúbicos anuais, dos que se espera extraer mil toneladas ao ano de augas residuais. A planta estaría composta por:

- Dous tanques de 65.000 litros para almacenaxe; un deles para almacenaxe de residuos MARPOL con mestura non emulsionada sometidos a pre-tratamento, e outro para almacenaxe de residuos MARPOL formados por mestura emulsionada.
- Un tanque de 28.000 litros para recepción e almacenaxe de residuos de aceite.
- Un tanque de 30.000 litros con funcións auxiliares.

A instalación dunha planta destas características é totalmente incompatible coa actividade dun porto pesqueiro como é o de Oza, nunha localización a menos de 500 metros dos bancos de produción marisqueira, ó carón das praias de Oza e Santa Cristina.

O propio informe da Consellería de Medio Ambiente reconece que a área de impacto é “especialmente sensible” pola proximidade da ría e as praias. A pesares dos riscos, a Consellería conclúe o informe afirmando que «*non son previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente*» e negando a necesidade de que o proxecto sexa sometido a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria, esixindo unicamente unha declaración de impacto ambiental simplificada (a mínima documentación esixida pola lei). Por contra, os contra informes da Dirección Xeral de Saúde Pública e da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro —ambas dirección pertencentes á propia Xunta de Galicia— reclaman un seguimento da calidade das augas de baño cunha análise de riscos para elaborar o plan de emerxencias e medidas que aseguren a protección dos recursos pesqueiros de acordo co establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca en Galicia, respectivamente.

En resposta á actitude permisiva da Consellería de Medio Ambiente, o 27 de novembro de 2017, a Asociación de Veciños de Oza-Gaiteira-Os Castros difunde unha proposta de moción para que os grupos políticos da Coruña presenten rexeitando a instalación da devandita planta. O 30 de novembro, Alternativa dos Veciños rexistra a moción en Oleiros, e esta é aprobada no seguinte Pleno municipal. O Pleno de A Coruña aproba tamén a moción o 4 de decembro de 2017 coa abstención do PP.

Á marxe das conclusións timoratas do informe de impacto ambiental da Consellería de Medioambiente e Ordenación do Territorio, emitido o 27 de setembro de 2017, hai que contextualizar unha serie de circunstancias que son intolerables:

En primeiro lugar, é necesario lembrar a natureza da empresa Limpoil S.L.U. cuxas cuestionables prácticas con respecto ao tratamento de residuos levaron ao Concello de Oleiros a presentar unha demanda en 2002. Ese ano, a Policía local do municipio colleu *in situ* a un camión cisterna da empresa Port-Vigo (matriz de Limpoil) derramando aceites procedentes de barcos de forma irregular ao alcantarillado público a través dunha nave no polígono de Icaria que nin sequera estaba dada de alta.

En segundo lugar, hai que seguir facendo fincapé nas nefastas consecuencias ambientais que teñen este tipo de instalacións na nosa xeografía. Só no ano 2017 producíronse en toda España 57 incendios en plantas de xestión de residuos, todos eles contrastables a través da prensa do país.

Nos últimos dous anos, destacou pola súa gravidade e prexuízo medioambiental o catastrófico incendio de 2016 de 100.000 toneladas de neumáticos en Seseña. Pero son moitos os que se produciron no 2017, a destacar:

- **4 de xaneiro:** incendio de planta de reciclaxe de materiais de Construción en Lesaka (Navarra).
- **19 de febreiro:** incendio nunha planta de residuos de Atarfe (Granada)
- **13 de marzo:** incendio dunha planta de tratamento de residuos en Caudete de las Fuentes (Valencia) (habería outro o 4 de abril no mesmo lugar).
- **17 de abril:** incendio na Planta de reciclaxe de Els Alamús (Lleida). 40 toneladas de plásticos calcinadas.
- **4 de maio:** explosións na planta de residuos de Arganda del Rey, cun saldo de 36 persoas feridas e máis de 40 toneladas de plásticos calcinadas.
- **O 18 de xuño:** en Málaga, un incendio de grandes dimensións calcinou ata as cinzas un almacén de residuos no polígono industrial de Ronda.

E poderíanse citar multitude de sinistros destas características en cada un dos meses do ano, pero hai que destacar tamén aqueles que se deron na nosa provincia, A Coruña, que non está en absoluto libre desta lacra. Algúns exemplos recentes son:

- **Ribeira, marzo de 2017:** incendio nunha planta de reciclaxe e refugallos abandonada.
- **Arteixo, maio de 2017:** incendio na planta de reciclaxe de residuos de Gestán, en Santa Iclía.
- **As Somozas, 19 de xaneiro de 2018:** incendio na planta de residuos de Sogarisa, cunha instalación de máis de 3.000 metros cadrados calcinada, con centos de depósitos de plásticos e produtos químicos no seu interior;
- **Padrón, 23 de xaneiro de 2018:** explosión na planta de FINSA, 8 feridos, un deles de gravidade.

Alternativa dos Veciños entende que o tecido industrial é un factor de creación de emprego. Non obstante, as industrias teñen que asegurar un desenvolvemento medioambiental acorde co benestar das persoas.

Son moitas as décadas que a veciñanza leva loitando por unha ría do Burgo saneada, xeradora de riqueza a través de actividades de lecer, pesca e marisqueo. É necesaria a protección dos espazos naturais para que estas actividades se poidan desenvolver sen risco. E é evidente que unha planta de pre-tratamento e xestión de residuos oleosos en plena ría non é máis que un novo risco de contaminación ambiental para unha zona cunha importante actividade tanto económica, como de lecer e sociocultural.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños solicita por parte do Pleno da Deputación da Coruña a aprobación dos seguintes:

ACORDOS

1. Amosar publicamente o rexeitamento da Deputación da Coruña á construción desta planta de pre-tratamento de aceites industriais e hidrocarburos no Peirao de Oza, na Coruña.

2. Apoiar ás entidades veciñais e organizacións que xa se teñen posicionado en contra da construción desta planta e xa teñen presentado alegacións ao proxecto.
3. Que a Deputación da Coruña, como parte interesada, faga un seguimento continuo dos procedementos administrativos relacionados co obxecto de impedir a construción desta planta no peirao de Oza.
4. Demandar da Xunta de Galicia a desestimación e rexeitamento da construción dunha planta de recepción de pre-tratamento de residuos oleosos xerados por buques no Concello da Coruña, promovida por Limpoil S.L.U. (clave do proxecto 2017/0167)

II.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL PSDG-PSOE E BNG-ASEMBLEAS ABERTAS POLO 8 DE MARZO, DÍA DAS MULLERES. PARO INTERNACIONAL DE MULLERES.

Exposición de motivos

Organizacións feministas de todo o mundo convocaron para este 8 de marzo, Día Internacional das mulleres unha xornada mundial de paros e mobilizacións para reivindicar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencia.

É unha folga que vai máis aló do que se identifica cun paro laboral, xa que pretende que se vexa claramente como a participación das mulleres é nuclear en todas as esferas da vida. A folga ten que acadar todos e cada un dos traballos e espazos en que temos presenza, xa sexa laboral, de ocio, de consumo, vida estudiantil ou asociativa. Trátase de reivindicar e reflexionar colectivamente o que todas e cada unha das persoas do mundo poderíamos facer para mudar a situación actual.

Esta xornada quere visibilizar a situación que padecen as mulleres de todo o mundo. Convócase para esixir a mellora das súas condicións sociolaborais, a fin das discriminacións laborais (fenda salarial, atrancos constantes nos dereitos de conciliación, acosos laboral, sexual e por razón de sexo e identidade etc) e, por suposto, tamén vai servir para reclamar medidas inmediatas que lle poñan fin de todas as facianas da violencia machista (sexual, obstétrica, física, psicolóxica, institucional, económica etc.)

Esta folga vaille afectar a todas as actividades e centros de traballo xa sexan espazos públicos ou privados, tamén en Galicia, e farase efectiva nas franxas horarias comprendidas entre as 00:00 h e as 2:00, das 12:00 ás 14:00 e das 19:30 ás 21:30, isto é , paros de dúas horas en cada quenda de traballo.

Por todos estes motivos

A Deputación da Coruña apoia a xornada de paros e mobilizacións convocada en todo o mundo para o 8 de marzo, día das mulleres.

Chamar á cidadanía e ao tecido social do país a unirse ás mobilizacións en apoio a esta convocatoria.

Instar á Xunta de Persoal e ao Comité de Empresa da Deputación a que informe ao persoal de todas as convocatorias existentes, tanto de paros parciais como de xornada completa, para a Folga Xeral de Mulleres do 8-M.

Sra. Sanmartín Rei

Moi bo día. Traemos esta moción, sometémola á consideración da Corporación, dando conta dunha xornada anunciada a nivel internacional, xa desde o ano pasado, xa leva moito tempo, moitísimos meses traballados, para reivindicar unha igualdade real, unha igualdade efectiva entre homes e mulleres nos distintos ámbitos, ben falemos do ámbito laboral, ben falemos desde a perspectiva social, ben falemos desde a perspectiva de eliminar a violencia contra as mulleres, tan presente na nosa sociedade. Moitos colectivos feministas, moitas asociacións de mulleres reunidas, decidiron, hai moito tempo xa, que non era suficiente ter un 8 de marzo onde ás veces o que había era simples declaracións e moitas presentacións de datos que coñecemos, que ano tras ano cada 8 de marzo van pasando e sobre os que non se aplican as políticas suficientes para que eses datos muden. De maneira moi especial poderíamos falar de moitísimos indicadores, pero eu quero falar unicamente de dous por poñer aquí algún exemplo. Un deles é xustamente a fenda salarial, esa fenda que fai que as mulleres cobren en xeral un 23% menos que os homes. A media de salario medio anual dos homes anda ao redor dos 20.000 euros, fronte ás mulleres, que son 15.000 euros, que iso aínda continúe acontecendo no século XXI, desde logo entendemos que é algo que non se pode consentir e algo que hai que poñerlle xa solución.

Máis esta non é unicamente unha xornada que teña como obxectivo solucionar as cuestións relacionadas co mundo do traballo, co mundo laboral, senón tamén chamar a atención sobre o papel que cumpren as mulleres en toda a esfera da vida, de maneira nuclear tamén no que se refire aos coidados, por iso é unha folga tamén de coidados, porque no que se refire a coidados, tanto a crianzas como a persoas maiores, está claro que son as mulleres as que teñen que atendelos en moita maior medida, e iso mídese con indicadores, tanto non só de traballos parciais, e limitacións que se poñen xustamente para poder dedicarse a eses coidados de crianzas e de persoas maiores, e que se mide simplemente polas excedencias pedidas para encargarse xustamente desas tarefas. As excedencias no ano 2017 eran de 1.078 excedencias solicitadas por mulleres, fronte a 132 por homes. Iso dá conta de que moitas veces as mulleres andamos moitísimo camiño para chegar á esfera do público, para chegar a ter moitísimas consideracións no ámbito laboral, no ámbito académico, no ámbito social, para intentar igualarnos, na medida do posible, aos homes, mais o camiño contrario non se fai, os homes non se corresponsabilizan da mesma maneira de todo o que teñen que ser as tarefas domésticas e os coidados.

Son estes os temas fundamentais que fan que se lance esta xornada internacional apoiada en máis de 57 estados de todo o mundo, onde o que vai haber é unha xornada de paros, unha xornada reivindicativa, unha xornada de saír á rúa, e de reivindicar que xa é hora de que isto pare.

Por iso presentamos esta moción onde os acordos son que a Deputación apoiemos esa xornada de paros e mobilizacións convocada en todo o mundo para o 8 de marzo, Día das mulleres, entendendo que é un día especial, é un día particular, e

parécenos ben tamén a proposta de emenda que fai Marea Atlántica, aínda que dos tres puntos que eles desde a Marea Atlántica se propón incorporar, entendemos que é mellor incorporar o segundo e o terceiro, por algunhas cuestións administrativas que teñen que ver coa redacción do primeiro punto. Así que propoñemos como transacción que se acepte incorporar a esta emenda o segundo e terceiro punto da súa proposta de emenda: Chamar á cidadanía e ao tecido social do país a unirse ás mobilizacións en apoio a esta convocatoria, e instar á Xunta de Persoal e ao Comité de empresa da Deputación a que informe ao persoal de todas as convocatorias existentes, tanto de paros parciais como de xornada completa, para a folga xeral de mulleres do 8 de marzo.

Respecto da proposta de emenda presentada polo Partido Popular, nós concordamos co contido do que aparece aí, ademais é un compromiso que xa se vén exercendo, xa se vén facendo desde esta Corporación, tanto non só desde a área de servizos sociais e igualdade, senón desde todas as áreas, porque é un principio transversal e así o incorporamos ás nosas políticas e, polo tanto, estamos de acordo, mais presentamos unha emenda de que sexa de engádega, porque entendemos que a incorporación disto non pode quitar, non pode eliminar, a referencia ao apoio a esa xornada de paros e mobilizacións. Polo tanto, se se acepta como proposta de engádega, de acrecentamento sobre esta proposta inicial, si que estaríamos de acordo, se é de substitución, non.

Sr. Dios Diz

Grazas, Sr. Presidente, bo día a todas e a todos. O posicionamento de Compostela Aberta ao respecto desta moción é claro, como xa manifestamos nun debate similar no Pleno do noso Concello, apoiamos a folga xeral das mulleres, así como as xustas reivindicacións, mobilizacións e accións convocadas polo movemento feminista para este 8 de marzo. Entendemos ademais que a emenda presentada por Marea Atlántica, e que parece que é aceptada, complementa o texto orixinal, de xeito que a redacción é aínda máis completa e precisa e, en consecuencia, satisfainos moito máis.

Non vou reiterar argumentos e realidades que motivan esta convocatoria, é dicir, a notoria situación de desigualdade que padecen as mulleres, unha desigualdade que é histórica, e aínda non está solventada, e non o vou facer, non porque considere que non é necesario, senón por non reiterar argumentos. Á vista están a violencia machista, a fenda salarial e nas pensións, a asignación sistémica de determinados postos e traballos, os teitos de cristal nas organizacións, o acoso sexual no ámbito laboral, ou a acumulación de cargas familiares entre tantas outras discriminacións, polo tanto, o noso voto vai ser favorable. Moitas grazas.

Sr. Díaz Grandío

De xeito breve tamén, cómpre dicir que si que aceptamos a incorporación, o texto definitivo, a incorporación destes dous puntos da emenda presentada no seu día. Simplemente apoiar a próxima folga do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, na que o movemento feminista, con apoio de organizacións e colectivos políticos, sociais e sindicais convoca esta folga xeral de mulleres. Unha folga feminista contra un sistema patriarcal que permite que as desigualdades estruturais que padecen as mulleres estean alcanzando tales niveis de gravidade e de tal dimensión, que nos fan

ineludible tomar as rúas, as institucións e tamén os centros de traballo, para amosar que sen elas o mundo realmente para.

O mundo cuxo funcionamento, datos e prácticas, se debullan diversos escenarios e cifras que van desde a violencia de xénero ata a fenda salarial, fenda salarial que, por certo, se manifesta de xeito durísimo incluso tras rematada a vida laboral, como vivimos onte e puidemos comprobar falando coa xente presente nas manifestacións en defensa das pensións. A diferenza está nas pensións no 29% entre o cobro entre homes e mulleres, que chega ao 27% no mundo laboral.

Por iso pedimos, non só o apoio a esta folga dos traballadores e traballadoras, non só a este Pleno, senón que tamén se implique nela a todas as institucións.

Pouco máis, simplemente validar a incorporación desta emenda que fixemos a esta moción do Grupo provincial do PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, animando a todas e todos e cada un dos presentes a participar nesta folga do 8 de marzo.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moi brevemente, bos días. Como subliñou a voceira do BNG nesta materia, e vicepresidenta da Deputación, nós temos presentada unha emenda que é de substitución, entendo por tanto que non vai ser aceptada e, sinceramente, lamentamos que non se acepte unha emenda que incide no substancial, no importante.

Nós o que formulabamos é que a Deputación da Coruña ante as reivindicacións da convocatoria prevista para o vindeiro 8 de marzo, reafirme o seu compromiso na medida das propias competencias provinciais, para integrar de forma activa e transversal o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes no desenvolvemento de todas as súas accións e decisións. Este compromiso irá acompañado de actuacións concretas, cando menos nos seguintes ámbitos: acceso á promoción de emprego, contratación pública, erradicación da violencia de xénero, investigación, desenvolvemento e innovación, sociedade da información, cultura e medio rural.

Lamentamos sinceramente ese rexeitamento, o Grupo provincial Popular, que quede claro, e que quede constando en acta, está de acordo, como non podía ser doutro xeito, coa igualdade efectiva e clara das mulleres e os homes. Estamos de acordo tamén con accións para visibilizar esta cuestión, con medidas efectivas e reais, é a nosa obriga como responsables públicos, como políticos no ámbito provincial neste caso, pero non estamos de acordo con medidas que nós consideramos inapropiadas, inútiles e incluso poderíamos interpretar que contraproducentes.

Hai moitas formas, moitas, de visibilizar a necesidade de afondar na igualdade que non sexan a través dunha folga xeral como a que está planificada para o día 8 de marzo. Hai moitísimas medidas efectivas, como a que humildemente podemos mostrar este Grupo na Corporación, onde somos o Grupo que en termos cuantitativos temos máis mulleres entre nós. Polo tanto, cremos que é posible facer moito, que hai que facer moito, pero que a folga xeral nin é conveniente, nin é apropiada, nin está xustificada, e por iso nós imos abstermos na votación. Moitas grazas e máis nada.

Sra. Sanmartín Rei

Unicamente indicar tamén, respecto destas últimas palabras, que nós non rexeitamos o contido da proposta da emenda que fai o Partido Popular, xa o expliquei antes, mais volvo, claro que reafirmamos ese compromiso nas distintas áreas, claro que levamos traballando neles, pero existe aquí un compromiso tamén coas asociacións de mulleres, cos colectivos feministas e con todas as organizacións que apoian ese paro para dicir queremos facer algo distinto, algo diferencial.

A folga á xaponesa, que eu xa sei que ás veces desde o Partido Popular se propón, realmente é o que fixeron historicamente as mulleres, que foi traballar en xornadas duplas e triplas, o caso é que sen salario, iso é o habitual, e iso parece algunhas veces que é onde nos queren, que volvamos a casa a seguir traballando, a continuar traballando. En vez diso, eu creo que o que temos que facer é apoiar xustamente os movementos das mulleres, os colectivos, no que están a facer e en facer visible que xa abonda de palabras e que queremos feitos, tanto no referido ao mundo laboral como todo o referido ao tema da violencia contra as mulleres, que é algo absolutamente escandaloso.

Entón que se propoña unha xornada de folga xeral, ou ben unha xornada de paros parciais de dúas horas por quenda laboral, parécenos que é un mínimo que se pode facer para visibilizar xustamente unhas reivindicacións absolutamente xustas, e ademais onde aí coincidimos ao cen por cento, absolutamente xustas, pero que hai que poñerlles un horizonte de que se cumpra, que en pleno século XXI a fenda salarial continúe sendo unha realidade, é algo que nos debería caer a cara de vergoña a todos.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día, grazas presidente. Simplemente recordarlle ao voceiro do Partido Popular en canto a súa definición destas medidas como inapropiadas, inútiles ou improcedentes, que a maioría dos dereitos laborais que fomos acadando ao longo dos últimos séculos viñeron da man de folgas, e polo tanto nunca se pode considerar unha folga, neste caso unha folga xeral, como improcedente, inútil ou inapropiada, e máis nunha cuestión como esta tan importante, e incidindo sobre todo no que dicía a vicepresidenta, en canto a esas folgas á xaponesa.

Tendo en conta que pode haber outras medidas, como dicía vostede, efectivas, non o dubidamos, pero moitas delas xa foron postas en marcha e a día de hoxe seguimos sen acadar esa igualdade efectiva entre homes e mulleres, xa non só no plano laboral, que penso que a súa emenda ía por aí, senón en todos os planos, como ben se fala na moción, de carácter social e, polo tanto, simplemente facer esa aclaración, en canto a que unha folga xeral e menos cando se trata da consecución de dereitos e igualdade de dereitos entre as persoas, nunca pode ser nin inapropiada, nin inútil, nin improcedente. Moitas grazas.

Vótase a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 15 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: ningún deputado

Vótase a emenda de engádegas presentada polo Grupo Provincial de Marea Atlántica:

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (7 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 1 deputado (BNG, Manuel Muíño Espasandín).

Abstéñense: 13 deputados (PP)

O Sr. Muíño Espasandín manifesta que votou por erro en contra pero que o seu voto é favorable.

A continuación vótase a moción coa adición da emenda do Grupo provincial de Marea Atlántica:

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e a abstención do Partido Popular, aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL PSDG-PSOE E BNG-ASEMBLEAS ABERTAS POLO 8 DE MARZO, DÍA DAS MULLERES. PARO INTERNACIONAL DE MULLERES.

Exposición de motivos

Organizacións feministas de todo o mundo convocaron para este 8 de marzo, Día Internacional das mulleres unha xornada mundial de paros e mobilizacións para reivindicar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencia.

É unha folga que vai máis aló do que se identifica cun paro laboral, xa que pretende que se vexa claramente como a participación das mulleres é nuclear en todas as esferas da vida. A folga ten que acadar todos e cada un dos traballos e espazos en que temos presenza, xa sexa laboral, de ocio, de consumo, vida estudiantil ou asociativa. Trátase de reivindicar e reflexionar colectivamente o que todas e cada unha das persoas do mundo poderíamos facer para mudar a situación actual.

Esta xornada quere visibilizar a situación que padecen as mulleres de todo o mundo. Convócase para esixir a mellora das súas condicións sociolaborais, a fin das discriminacións laborais (fenda salarial, atrancos constantes nos dereitos de conciliación, acosos laboral, sexual e por razón de sexo e identidade etc) e, por suposto, tamén vai servir para reclamar medidas inmediatas que lle poñan fin de todas as facianas da violencia machista (sexual, obstétrica, física, psicolóxica, institucional, económica etc.)

Esta folga vaille afectar a todas as actividades e centros de traballo xa sexan espazos públicos ou privados, tamén en Galicia, e farase efectiva nas franxas horarias comprendidas entre as 00:00 h e as 2:00, das 12:00 ás 14:00 e das 19:30 ás 21:30, isto é , paros de dúas horas en cada quenda de traballo.

Por todos estes motivos

A Deputación da Coruña apoia a xornada de paros e mobilizacións convocada en todo o mundo para o 8 de marzo, día das mulleres.

Chamar á cidadanía e ao tecido social do país a unirse ás mobilizacións en apoio a esta convocatoria.

Instar á Xunta de Persoal e ao Comité de Empresa da Deputación a que informe ao persoal de todas as convocatorias existentes, tanto de paros parciais como de xornada completa, para a Folga Xeral de Mulleres do 8-M."

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Sanmartín Rei

Simplemente comentar que como verían tiñan nos seus asentos un caderno coa imaxe de Rosalía de Castro, cunha imaxe renovada e moderna, dunha Rosalía heroína, coa que quixemos celebrar o Día de Rosalía, que é mañá, conmemorando o aniversario do seu nacemento. E tamén lembrar que ao respecto desa celebración do Día de Rosalía hoxe hai unha gala no Teatro Colón ás oito e media da tarde, aquelas persoas que aínda non se anotaran e queiran vir que o fagan, que o martes teremos ás sete e media da tarde unha charla sobre a vixencia do pensamento de Rosalía na Biblioteca provincial, e que tamén Rosalía leva xa uns días engalanando o propio Pazo provincial nunhas lonas con esta idea que queremos da vixencia do seu pensamento, de ser unha muller moderna, culta, comprometida e que tiña unhas armas moi singulares de destrución masiva, que son os libros.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e dous minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.